



PARLAMENTO
DE GALICIA



BOLETÍN OFICIAL DO
PARLAMENTO DE GALICIA

X legislatura
Número 243
19 de xaneiro de 2018



SUMARIO

1. Procedementos parlamentarios

1.3. Procedementos de control e impulso

1.3.6. Proposicións non de lei

1.3.6.2. Proposicións non de lei en Comisión

1.3.6.2.4. Proposicións tramitadas

COMISIÓN 2ª, ORDENACIÓN TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS, MEDIO AMBIENTE E SERVIZOS

Aprobación por unanimidade con modificacións

I 5714 (10/PNC-000555)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e cinco deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para mellorar a seguridade viaria do Camiño Portugués na provincia de Pontevedra, así como a mobilidade ciclista nel entre Tui e Santiago de Compostela [74105](#)

I 21043 (10/PNC-001725)

Grupo Parlamentario de En Marea

Cal Ogando, Marcos e Sánchez García, Antón

Sobre o apoio e a colaboración polo Goberno galego cos concellos afectados nas actuacións que leven a cabo para reclamar a Audasa o pagamento íntegro do IBI correspondente á AP-9 [74106](#)

COMISIÓN 3ª, ECONOMÍA, FACENDA E ORZAMENTOS

Retirada iniciativa en comisión

I 7197 (10/PNC-000742)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Fernández Leiceaga, Xoaquín María e dous deputados/as máis

Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación co financiamento do Fondo de Compensación Interterritorial [74106](#)

Rexeitamento da iniciativa

I 9136 (10/PNC-000954)

Grupo Parlamentario de En Marea

Lago Peñas, José Manuel e Sánchez García, Antón

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co aumento da inflación rexistrado en Galicia no primeiro cuadrimestre de 2017, en relación coas previsións iniciais, así como coa media do Estado [74106](#)

COMISIÓN 4.ª, EDUCACIÓN E CULTURA**Aprobación sen modificacións****I 13019 (10/PNC-001224)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Pazos Couñago, José Alberto e 8 máis**

Sobre o impulso pola Xunta de Galicia das medidas necesarias para tratar de evitar a práctica de revenda masiva de entradas a través da internet [74107](#)

Aprobación con modificacións**I 19576 (10/PNC-001588)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Rodil Fernández, Olalla e 5 máis**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para a consolidación, restauración e conservación das pinturas murais ao fresco existentes nas igrexas parroquiais de Labrada e dos Vilares, no concello de Guitiriz [74107](#)

Rexeitamento da iniciativa**I 8047 (10/PNC-000846)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Rodil Fernández, Olalla e 5 máis**

Sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego co fin de garantir o ofrecemento da materia de Lingua Portuguesa en todos os centros públicos de ensino de Galicia [74108](#)

I 8099 (10/PNC-000852)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Burgo López, María de la Concepción e Álvarez Martínez, Luis Manuel**

Sobre a elaboración e presentación polo Goberno galego no Parlamento de Galicia dun informe respecto das denuncias ou queixas presentadas nos últimos seis anos en relación coas supostas dificultades postas polas administracións ou entidades públicas radicadas no territorio galego para o exercicio dos dereitos lingüísticos da cidadanía [74108](#)

I 21002 (10/PNC-001717)**Grupo Parlamentario de En Marea****Chao Pérez, Luca e Cuña Bóveda, María de los Ángeles**

Sobre a realización polo Goberno galego das actuacións necesarias para o traslado ao Museo do Ferrocarril situado en Vilagarcía de Arousa da histórica locomotora coñecida como *Sarita*, depositada na actualidade na Fundación Camilo José Cela, en Iria Flavia, así como a súa restauración para a divulgación do pasado ferroviario de Galicia [74108](#)

I 21405 (10/PNC-001755)**Grupo Parlamentario de En Marea****Cuña Bóveda, María de los Ángeles e Chao Pérez, Luca**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas intencións de Gas Natural-Fenosa de demoler o edificio histórico da central eléctrica de Mollavao, na cidade de Pontevedra

[74108](#)

COMISIÓN 5ª, SANIDADE, POLÍTICA SOCIAL E EMPREGO

Rexeitamento da iniciativa

I 11199 (10/PNC-001165)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e cinco deputados/as máis

Sobre a presentación polo Goberno galego dun informe respecto dos plans de emprego xuvenil levados a cabo dende o ano 2009

[74109](#)

I 19504 (10/PNC-001584)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e dous deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego e as demandas que debe realizar ao Goberno central en materia de seguridade e saúde laboral

[74109](#)

I 20008 (10/PNC-001625)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e cinco deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo Goberno galego en relación coa dotación de persoal do centro de saúde do concello de Soutomaior para mellorar a atención sanitaria e, en especial, a pediátrica que se está a prestar no centro

[74109](#)

I 21095 (10/PNC-001729)

Grupo Parlamentario de En Marea

Vázquez Verao, Paula

Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación coa aplicación da Lei 39/2006, do 14 decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia, así como as actuacións que debe levar a cabo ao respecto

[74109](#)

I 21541 (10/PNC-001765)

Grupo Parlamentario de En Marea

Solla Fernández, Eva

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas situacións de saturación que se veñen producindo nos servizos urxencias da atención primaria e hospitalaria, así como a recuperación das prazas amortizadas

[74110](#)

1.4. Procedementos de información

1.4.4. Preguntas

1.4.4.3. Preguntas para resposta por escrito

I 22242 (10/PRE-007536)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia

Sobre a previsión do Goberno galego de desenvolver algunha campaña para previr o abandono e desincentivar a compra de especies exóticas de animais e os datos relativos ao seu abandono en Galicia [74116](#)

I 22244 (10/PRE-007537)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 2 máis

Sobre o impacto da pirotecnia na cidadanía e na fauna silvestre e animais de compañía [74117](#)

I 22271 (10/PRE-007538)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Fernández Leiceaga, Xoaquín María e 2 máis

Sobre a repercusión no orzamento de Galicia para o ano 2018 das medidas fiscais adoptadas polo Goberno do Estado, concretamente o recálculo das entregas á conta e non prorrogar o imposto de patrimonio [74119](#)

I 22392 (10/PRE-007539)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis

Sobre as xestións realizadas pola Xunta de Galicia desde o pleno do pasado 17 de outubro de 2017 para garantir a viabilidade e a continuidade da empresa Maderas Iglesias [74121](#)

I 22408 (10/PRE-007540)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 3 máis

Sobre o lugar onde se ten previsto situar o servizo da Unidade de Primeira Acolida para a provincia de Pontevedra e destinado ao tratamento de problemas condutuais dos menores tutelados pola Xunta de Galicia [74125](#)

I 22414 (10/PRE-007541)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 3 máis

Sobre os datos oficiais do uso do galego na xustiza entre os anos 2009 e 2017 [74127](#)

I 22419 (10/PRE-007542)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 2 máis

Sobre a opinión do Goberno galego en relación coas condicións de venda por Renfe dos billetes para bicicletas e a súa intención de impulsar a iniciativa EuroVelo Atlántico [74129](#)

I 22428 (10/PRE-007543)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis

Sobre o impacto que as obras de ampliación da AP-9 teñen na actividade lectiva do CEIP Igrexa, de Chapela, e as medidas adoptadas pola Xunta de Galicia para solucionar a situación [74131](#)

I 22436 (10/PRE-007544)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Rivas Cruz, José Luis e 5 máis**

Sobre as consecuencias da creación da Axencia Galega da Industria Forestal e o seu impacto na xestión forestal [74135](#)

I 22443 (10/PRE-007545)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Rodil Fernández, Olalla e 5 máis**

Sobre as demoras na construción e equipamento da residencia de maiores de Baleira e os motivos para privatizar a súa xestión [74139](#)

I 22514 (10/PRE-007546)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Rodil Fernández, Olalla e 5 máis**

Sobre a valoración que realiza a Xunta de Galicia da situación actual e futura da TDT en Galicia e das licenzas de frecuencias de emisión de radio e televisión [74142](#)

I 22521 (10/PRE-007547)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Presas Bergantiños, Noa e 5 máis**

Sobre a información e a opinión do Goberno galego en relación coas intencións do Goberno central de inserir novas funcións no servizo telefónico 016 de información e asesoramento xurídico que se vén prestando de xeito exclusivo ás mulleres vítimas de violencia machista e persoas próximas a estas, así como as actuacións levadas a cabo ou previstas para evitalo [74146](#)

I 22539 (10/PRE-007548)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Fernández Leiceaga, Xoaquín María e Fernández Fernández, Raúl**

Sobre o cronograma de actuación que está a valorar a Xunta de Galicia para converter a VAP Brión-Noia en autovía, as súas previsións respecto das características técnicas que vai ter e a realización do proxecto e obra, así como os datos referidos aos investimentos que se van levar a cabo e a posibilidade da súa posta en servizo no ano 2022 [74150](#)

I 22544 (10/PRE-007549)**Grupo Parlamentario de En Marea****Rodríguez Estévez, David e Quinteiro Araújo, Paula**

Sobre os datos referidos ás actuacións de acolchado mediante o uso de helicópteros levadas a cabo pola Xunta de Galicia nos montes queimados no ano 2017 e os seus resultados [74153](#)

I 22572 (10/PRE-007550)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Vilán Lorenzo, Patricia e 4 máis**

Sobre a opinión do Goberno galego respecto da oferta por Renfe na actualidade dun servizo integral de ferrocarril para Galicia e as demandas que vai realizar ao Goberno central en relación co transporte ferroviario da provincia de Pontevedra e as súas conexións coa Coruña, Ourense e Madrid [74155](#)

I 22576 (10/PRE-007551)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Torrado Quintela, Julio e Blanco Rodríguez, Noela**

Sobre a garantía pola Consellería de Sanidade da entrega dos informes clínicos a todos os pacientes que solicitan altas voluntarias no Sistema público de saúde de Galicia, a súa opinión referida á queixa presentada ante o Valedor do Pobo pola Asociación de Médicos Interinos de Galicia e a existencia dalgunha outra formulada respecto disto por pacientes

[74158](#)**I 22577 (10/PRE-007552)****Grupo Parlamentario de En Marea****Rodríguez Estévez, David e Quinteiro Araújo, Paula**

Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto da posta en marcha dalgunha liña de axudas para paliar as perdas sufridas na última campaña polos produtores, transformadores e comercializadores da castaña

[74160](#)**I 22585 (10/PRE-007553)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Pérez Seco, José Manuel e 2 máis**

Sobre a dispoñibilidade por Portos de Galicia dalgún proxecto para o arranxo da Casa do Reloxo, situada no concello de Mugar dos, así como a valoración polo Goberno galego da posibilidade de colaboración coa Administración local para a súa rehabilitación e posterior uso polo Concello

[74162](#)**I 22586 (10/PRE-007554)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Pérez Seco, José Manuel**

Sobre o número de vivendas de uso turístico existente en cada un dos concellos de cada provincia de Galicia desde a entrada en vigor do Decreto 12/2017

[74164](#)**I 22592 (10/PRE-007555)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Prado Cores, María Montserrat e 5 máis**

Sobre a posición da Consellería do Mar en relación co proxecto de reapertura da mina de San Rafael, situada nos concellos de Touro e do Pino, a realización dun estudo das súas posibles consecuencias na ría de Arousa, nos bancos marisqueiros e na pesca, así como a actuación prevista ao respecto

[74166](#)**I 22689 (10/PRE-007556)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Díaz Villoslada, Juan Manuel e 2 máis**

Sobre as previsións do Goberno galego en materia de coordinación de policía locais de Galicia para paliar o seu actual déficit de efectivos

[74170](#)**I 22697 (10/PRE-007557)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 2 máis**

Sobre os datos referidos aos convenios, subvencións e axudas de calquera tipo outorgadas pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria aos concellos de Cerceda e Carral no ano 2017 [74172](#)

I 22698 (10/PRE-007558)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e Blanco Rodríguez, Noela

Sobre os datos referidos aos convenios, subvencións e axudas de calquera tipo outorgadas pola Consellería de Política Social aos concellos de Cerceda e Carral no ano 2017 [74173](#)

I 22699 (10/PRE-007559)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 2 máis

Sobre os datos referidos aos convenios, subvencións e axudas de calquera tipo outorgadas pola Consellería do Medio Rural aos concellos de Arzúa, Boimorto, Melide, Mesía, Santiso, Sobrado, Toques e Vilasantar no ano 2017 [74174](#)

I 22700 (10/PRE-007560)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 2 máis

Sobre os datos referidos aos convenios, subvencións e axudas de calquera tipo outorgadas pola Consellería de Infraestruturas e Vivenda aos concellos de Cerceda e Carral no ano 2017 [74175](#)

I 22701 (10/PRE-007561)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 2 máis

Sobre os datos referidos aos convenios, subvencións e axudas de calquera tipo outorgadas pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria aos concellos de Arzúa, Boimorto, Frades, Melide, Mesía, Santiso, Sobrado, Toques e Vilasantar no ano 2017 [74176](#)

I 22702 (10/PRE-007562)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e Blanco Rodríguez, Noela

Sobre os datos referidos aos convenios, subvencións e axudas de calquera tipo outorgadas pola Consellería de Política Social aos concellos de Arzúa, Boimorto, Melide, Mesía, Santiso, Sobrado, Toques e Vilasantar no ano 2017 [74177](#)

I 22703 (10/PRE-007563)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 2 máis

Sobre os datos referidos aos convenios, subvencións e axudas de calquera tipo outorgadas pola Consellería do Medio Rural aos concellos de Cerceda e Carral no ano 2017 [74178](#)

I 22704 (10/PRE-007564)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 2 máis

Sobre os datos referidos aos convenios, subvencións e axudas de calquera tipo outorgadas pola Consellería de Infraestruturas e Vivenda aos concellos de Arzúa, Boimorto, Frades, Melide, Mesía, Santiso, Sobrado, Toques e Vilasantar no ano 2017 [74179](#)

I 22757 (10/PRE-007565)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, José Luis e 5 máis

Sobre os requisitos exixidos para o acceso das organizacións profesionais agrarias ás subvencións convocadas na Orde do 29 de novembro de 2017, da Consellería do Medio Rural, para actividades de interese agrario, as razóns existentes para non convocar eleccións sindicais agrarias desde o ano 2002 e os criterios seguidos pola consellaría para considerar legal unha organización de profesionais [74180](#)

I 22772 (10/PRE-007566)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 4 máis

Sobre as razóns do Goberno galego para non establecer máis tributos sobre os custos ambientais de determinadas actividades que inciden no medio ambiente, as razóns da inexistencia dalgún para a utilización de bolsas de plástico dun só uso e as súas previsións respecto do aumento dos gravames vixentes [74184](#)

I 22779 (10/PRE-007567)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 3 máis

Sobre os datos do Goberno galego referidos á existencia de carencias no uso da lingua galega no ámbito de actuación do Ministerio Fiscal en Galicia, o cumprimento das recomendacións reflectidas no Cuarto Informe do Comité de Expertos do Consello de Europa para a Carta Europea das Linguas Rexionais e Minoritarias e as súas previsións respecto do impulso dos cambios lexislativos necesarios para permitir o desenvolvemento de procesos xudiciais en lingua galega no ámbito da actuación do Ministerio Fiscal en Galicia [74186](#)

I 22785 (10/PRE-007568)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 2 máis

Sobre o coñecemento polo Goberno galego dos avisos dos operadores xurídicos referidos aos problemas de fiabilidade do sistema tecnolóxico da Administración de Xustiza e a resposta do Ministerio de Xustiza á información solicitada pola Xunta de Galicia, así como ao acordo parlamentario ao respecto [74188](#)

I 22790 (10/PRE-007569)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 5 máis

Sobre as razóns do Goberno galego para habilitar entidades privadas para a certificación dos coñecementos do profesorado en lingua inglesa e as súas previsións respecto da restitución ás Escolas Oficiais de Idiomas da competencia na formación e certificación dos coñecementos do profesorado galego en todas as linguas [74190](#)

1.4.4.3.1. Preguntas para resposta por escrito reconvertidas en preguntas orais en Comisión

I 8678 (10/PRE-001182)

Grupo Parlamentario de En Marea

Villares Naveira, Luis e 2 máis

Sobre os datos referidos ao sacrificio de gando no matadoiro municipal de Ourense nos anos 2014, 2015, 2016 e 2017, reflectidos na listaxe ou resumo mensual do libro de control sanitario que asina o Servizo veterinario oficial [74115](#)

1. Procedementos parlamentarios

1.3. Procedementos de control e impulso

1.3.6. Proposicións non de lei

1.3.6.2. Proposicións non de lei en Comisión

1.3.6.2.4. Proposicións tramitadas

COMISIÓN 2ª, ORDENACIÓN TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS, MEDIO AMBIENTE E SERVIZOS

A Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos, na súa sesión do 18 de xaneiro de 2018, adoptou os seguintes acordos:

Aprobación por unanimidade con modificacións

- 5714 (10/PNC-000555)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e cinco deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para mellorar a seguridade viaria do Camiño Portugués na provincia de Pontevedra, así como a mobilidade ciclista nel entre Tui e Santiago de Compostela

BOPG nº 79, do 08.03.2017

Sométese a votación a transacción coa emenda do G. P. Popular de Galicia doc. núm. 23520 e resulta aprobada pola unanimidade dos 11 deputados e deputadas presentes.

O texto aprobado, con modificacións respecto do texto orixinal, é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

1. Continuar apoiando a Mesa Permanente do Camiño de Santiago na provincia de Pontevedra promovida pola Deputación Provincial coa participación dos municipios polos que discorre o Camiño de Santiago e coordinar as actuacións das diversas administración e entidades relacionadas coa ruta xacobeá.

2. Fomentar a través da Comisión de Seguridade Viaria do Camiño de Santiago, creada pola Delegación do Goberno en Galicia, diante das administración titulares das vías con problemas de seguridade viaria dos peregrinos, aquelas actuacións que incrementen a seguridade no trazado do Camiño de Santiago e priorizar as actuacións relacionadas coa seguridade viaria e as obras necesarias para eliminar os puntos negros.

3. Promover, xunto coas administración titulares das vías, alternativas funcionais para aqueles puntos ou treitos nos que o trazado actual do Camiño non garanta axeitadamente a seguridade viaria dos peregrinos, tanto a pé como en bicicleta.

4. Procurar alternativas para aqueles puntos ou treitos nos que o trazado do Camiño sexa incompatible coa seguridade dos peregrinos.

5. Desenvolver un plan de mellora da mobilidade ciclista polo Camiño xacobeo portugués entre Tui e Compostela.»

- 21043 (10/PNC-001725)

Grupo Parlamentario de En Marea

Cal Ogando, Marcos e Sánchez García, Antón

Sobre o apoio e a colaboración polo Goberno galego cos concellos afectados nas actuacións que leven a cabo para reclamar a Audasa o pagamento íntegro do IBI correspondente á AP-9
BOPG nº 226, do 14.12.2017

Sométese a votación a transacción coa emenda *in voce* proposta polo G. P. Popular de Galicia e resulta aprobada pola unanimidade dos 11 deputados e deputadas presentes.

O texto aprobado, con modificacións respecto do texto orixinal, é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a instar o Goberno do Estado a facer as modificacións lexislativas necesarias para eliminar os privilexios fiscais dos que goza a concesionaria, suprimindo a bonificación do 95 % no IBI, e a apoiar os concellos polos que transcorre a AP-9 nas accións que poidan levar a cabo para reclamar a Audasa o pago íntegro deste IBI.»

Santiago de Compostela, 18 de xaneiro de 2018

Eva Solla Fernández

Vicepresidenta 2ª

COMISIÓN 3ª, ECONOMÍA, FACENDA E ORZAMENTOS

A Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, na súa sesión do 17 de xaneiro de 2018, adoptou os seguintes acordos:

Retirada iniciativa en comisión

- 7197 (10/PNC-000742)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Fernández Leiceaga, Xoaquín María e dous deputados/as máis

Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación co financiamento do Fondo de Compensación Interterritorial
BOPG nº 96, do 05.04.2017

Rexeitamento da iniciativa

- 9136 (10/PNC-000954)

Grupo Parlamentario de En Marea

Lago Peñas, José Manuel e Sánchez García, Antón

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co aumento da inflación rexistrado en Galicia no primeiro cuadrimestre de 2017, en relación coas previsións iniciais, así como coa media do Estado
BOPG nº 117, do 24.05.2017

Sométese a votación xunto coa emenda do G. P. dos Socialistas de Galicia doc. núm. 23337 e resulta rexeitada por 4 votos a favor, 7 votos en contra e 0 abstencións.

Santiago de Compostela, 17 de xaneiro de 2018

Eva Solla Fernández

Vicepresidenta 2ª

COMISIÓN 4.ª, EDUCACIÓN E CULTURA

A Comisión 4.ª, Educación e Cultura, na súa sesión do 18 de xaneiro de 2018, adoptou os seguintes acordos:

Aprobación sen modificacións

- 13019 (10/PNC-001224)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Pazos Couñago, José Alberto e 8 máis

Sobre o impulso pola Xunta de Galicia das medidas necesarias para tratar de evitar a práctica de revenda masiva de entradas a través da internet

BOPG nº 158, do 04.08.2017

Sométese a votación e resulta aprobada sen modificacións por 7 votos a favor, 0 votos en contra e 5 abstencións.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a adoptar, dentro do seu ámbito competencial e en colaboración coa Administración xeral do Estado, así como cos sectores interesados, medidas que contribúan a frear os efectos negativos da revenda de entradas de espectáculos en internet e que lles proporcionen aos consumidores maiores garantías.»

Aprobación con modificacións

- 19576 (10/PNC-001588)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 5 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para a consolidación, restauración e conservación das pinturas murais ao fresco existentes nas igrexas parroquiais de Labrada e dos Vilaes, no concello de Guitiriz

BOPG nº 207, do 08.11.2017

Sométese a votación e resulta aprobada con modificacións respecto do texto orixinal, por 10 votos a favor, 0 votos en contra e 2 abstencións.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

1. Avaliar o estudo técnico en proceso de elaboración unha vez rematado, para estudar tanto o estado de conservación dos frescos situados nas igrexas parroquiais dos Vilares e Labrada (Guitiriz) e as medidas a adoptar para frear a súa deterioración e garantir a súa conservación.

2. Abrir un espazo de diálogo co Arcebispado, o Concello de Guitiriz e a Deputación de Lugo para acometer as actuacións de consolidación e restauración que sexan precisas.»

Rexeitamento da iniciativa

- 8047 (10/PNC-000846)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 5 máis

Sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego co fin de garantir o ofrecemento da materia de Lingua Portuguesa en todos os centros públicos de ensino de Galicia

BOPG nº 105, do 26.04.2017

Sométese a votación e resulta rexeitada por 5 votos a favor, 7 votos en contra e 0 abstencións.

- 8099 (10/PNC-000852)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Burgo López, María de la Concepción e Álvarez Martínez, Luis Manuel

Sobre a elaboración e presentación polo Goberno galego no Parlamento de Galicia dun informe respecto das denuncias ou queixas presentadas nos últimos seis anos en relación coas supostas dificultades postas polas administracións ou entidades públicas radicadas no territorio galego para o exercicio dos dereitos lingüísticos da cidadanía

BOPG nº 105, do 26.04.2017

Sométese a votación e resulta rexeitada por 5 votos a favor, 7 votos en contra e 0 abstencións.

- 21002 (10/PNC-001717)

Grupo Parlamentario de En Marea

Chao Pérez, Luca e Cuña Bóveda, María de los Ángeles

Sobre a realización polo Goberno galego das actuacións necesarias para o traslado ao Museo do Ferrocarril situado en Vilagarcía de Arousa da histórica locomotora coñecida como *Sarita*, depositada na actualidade na Fundación Camilo José Cela, en Iria Flavia, así como a súa restauración para a divulgación do pasado ferroviario de Galicia

BOPG nº 222, do 04.12.2017

Sométese a votación e resulta rexeitada por 5 votos a favor, 7 votos en contra e 0 abstencións.

- 21405 (10/PNC-001755)

Grupo Parlamentario de En Marea

Cuña Bóveda, María de los Ángeles e Chao Pérez, Luca

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas intencións de Gas Natural-Fenosa de demoler o edificio histórico da central eléctrica de Mollavao, na cidade de Pontevedra

BOPG nº 229, do 19.12.2017

Sométese a votación e resulta rexeitada por 4 votos a favor, 7 votos en contra e 1 abstención.

Santiago de Compostela, 18 de xaneiro de 2018

Eva Solla Fernández
Vicepresidenta 2.^a

COMISIÓN 5ª, SANIDADE, POLÍTICA SOCIAL E EMPREGO

A Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego, na súa sesión do 17 de xaneiro de 2018, adoptou os seguintes acordos:

Rexeitamento da iniciativa

- 11199 (10/PNC-001165)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e cinco deputados/as máis

Sobre a presentación polo Goberno galego dun informe respecto dos plans de emprego xuvenil levados a cabo dende o ano 2009

BOPG nº 140, do 05.07.2017

Sométese a votación e resulta rexeitada por 5 votos a favor, 7 votos en contra e 0 abstencións.

- 19504 (10/PNC-001584)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e dous deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego e as demandas que debe realizar ao Goberno central en materia de seguridade e saúde laboral

BOPG nº 207, do 08.11.2017

Sométese a votación e resulta rexeitada por 5 votos a favor, 7 votos en contra e 0 abstencións.

- 20008 (10/PNC-001625)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e cinco deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo Goberno galego en relación coa dotación de persoal do centro de saúde do concello de Soutomaior para mellorar a atención sanitaria e, en especial, a pediátrica que se está a prestar no centro

BOPG nº 211, do 15.11.2017

Sométese a votación e resulta rexeitada por 5 votos a favor, 7 votos en contra e 0 abstencións.

- 21095 (10/PNC-001729)

Grupo Parlamentario de En Marea

Vázquez Verao, Paula

Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación coa aplicación da Lei 39/2006, do 14 decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia, así como as actuacións que debe levar a cabo ao respecto
BOPG nº 226, do 14.12.2017

Sométese a votación e resulta rexeitada por 5 votos a favor, 7 votos en contra e 0 abstencións.

- 21541 (10/PNC-001765)

Grupo Parlamentario de En Marea

Solla Fernández, Eva

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas situacións de saturación que se veñen producindo nos servizos urxencias da atención primaria e hospitalaria, así como a recuperación das prazas amortizadas

BOPG nº 229, do 19.12.2017

Sométese a votación e resulta rexeitada por 5 votos a favor, 7 votos en contra e 0 abstencións.

Santiago de Compostela, 17 de xaneiro de 2018

Eva Solla Fernández

Vicepresidenta 2ª

A Mesa do Parlamento, na súa sesión do día 16 de xaneiro de 2018, adoptou os seguintes acordos:

1.4. Procedementos de información

1.4.4. Preguntas

1.4.4.3. Preguntas para resposta por escrito

- 22242 (10/PRE-007536)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia

Sobre a previsión do Goberno galego de desenvolver algunha campaña para previr o abandono e desincentivar a compra de especies exóticas de animais e os datos relativos ao seu abandono en Galicia

- 22244 (10/PRE-007537)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 2 máis

Sobre o impacto da pirotecnia na cidadanía e na fauna silvestre e animais de compañía

- 22271 (10/PRE-007538)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Fernández Leiceaga, Xoaquín María e 2 máis

Sobre a repercusión no orzamento de Galicia para o ano 2018 das medidas fiscais adoptadas polo Goberno do Estado, concretamente o recálculo das entregas á conta e non prorrogar o imposto de patrimonio

- 22392 (10/PRE-007539)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis

Sobre as xestións realizadas pola Xunta de Galicia desde o pleno do pasado 17 de outubro de 2017 para garantir a viabilidade e a continuidade da empresa Maderas Iglesias

- 22408 (10/PRE-007540)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 3 máis

Sobre o lugar onde se ten previsto situar o servizo da Unidade de Primeira Acolida para a provincia de Pontevedra e destinado ao tratamento de problemas condutuais dos menores tutelados pola Xunta de Galicia

- 22414 (10/PRE-007541)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 3 máis

Sobre os datos oficiais do uso do galego na xustiza entre os anos 2009 e 2017

- 22419 (10/PRE-007542)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 2 máis

Sobre a opinión do Goberno galego en relación coas condicións de venda por Renfe dos billetes para bicicletas e a súa intención de impulsar a iniciativa EuroVelo Atlántico

- 22428 (10/PRE-007543)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis

Sobre o impacto que as obras de ampliación da AP-9 teñen na actividade lectiva do CEIP Igrexa, de Chapela, e as medidas adoptadas pola Xunta de Galicia para solucionar a situación

- 22436 (10/PRE-007544)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, José Luis e 5 máis

Sobre as consecuencias da creación da Axencia Galega da Industria Forestal e o seu impacto na xestión forestal

- 22443 (10/PRE-007545)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 5 máis

Sobre as demoras na construción e equipamento da residencia de maiores de Baleira e os motivos para privatizar a súa xestión

- 22514 (10/PRE-007546)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 5 máis

Sobre a valoración que realiza a Xunta de Galicia da situación actual e futura da TDT en Galicia e das licenzas de frecuencias de emisión de radio e televisión

- 22521 (10/PRE-007547)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre a información e a opinión do Goberno galego en relación coas intencións do Goberno central de inserir novas funcións no servizo telefónico 016 de información e asesoramento xurídico que se vén prestando de xeito exclusivo ás mulleres vítimas de violencia machista e persoas próximas a estas, así como as actuacións levadas a cabo ou previstas para evitalo

- 22539 (10/PRE-007548)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Fernández Leiceaga, Xoaquín María e Fernández Fernández, Raúl

Sobre o cronograma de actuación que está a valorar a Xunta de Galicia para converter a VAP Brión-Noia en autovía, as súas previsións respecto das características técnicas que vai ter e a realización do proxecto e obra, así como os datos referidos aos investimentos que se van levar a cabo e a posibilidade da súa posta en servizo no ano 2022

- 22544 (10/PRE-007549)

Grupo Parlamentario de En Marea

Rodríguez Estévez, David e Quinteiro Araújo, Paula

Sobre os datos referidos ás actuacións de acolchado mediante o uso de helicópteros levadas a cabo pola Xunta de Galicia nos montes queimados no ano 2017 e os seus resultados

- 22572 (10/PRE-007550)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 4 máis

Sobre a opinión do Goberno galego respecto da oferta por Renfe na actualidade dun servizo integral de ferrocarril para Galicia e as demandas que vai realizar ao Goberno central en relación co transporte ferroviario da provincia de Pontevedra e as súas conexións coa Coruña, Ourense e Madrid

- 22576 (10/PRE-007551)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e Blanco Rodríguez, Noela

Sobre a garantía pola Consellería de Sanidade da entrega dos informes clínicos a todos os pacientes que solicitan altas voluntarias no Sistema público de saúde de Galicia, a súa opinión referida á queixa presentada ante o Valedor do Pobo pola Asociación de Médicos Interinos de Galicia e a existencia dalgunha outra formulada respecto disto por pacientes

- 22577 (10/PRE-007552)

Grupo Parlamentario de En Marea

Rodríguez Estévez, David e Quinteiro Araújo, Paula

Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto da posta en marcha dalgunha liña de axudas para paliar as perdas sufridas na última campaña polos produtores, transformadores e comercializadores da castaña

- 22585 (10/PRE-007553)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pérez Seco, José Manuel e 2 máis

Sobre a dispoñibilidade por Portos de Galicia dalgún proxecto para o arranxo da Casa do Reloxo, situada no concello de Mugarodos, así como a valoración polo Goberno galego da posibilidade de colaboración coa Administración local para a súa rehabilitación e posterior uso polo Concello

- 22586 (10/PRE-007554)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pérez Seco, José Manuel

Sobre o número de vivendas de uso turístico existente en cada un dos concellos de cada provincia de Galicia desde a entrada en vigor do Decreto 12/2017

- 22592 (10/PRE-007555)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre a posición da Consellería do Mar en relación co proxecto de reapertura da mina de San Rafael, situada nos concellos de Touro e do Pino, a realización dun estudo das súas posibles consecuencias na ría de Arousa, nos bancos marisqueiros e na pesca, así como a actuación prevista ao respecto

- 22689 (10/PRE-007556)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Villoslada, Juan Manuel e 2 máis

Sobre as previsións do Goberno galego en materia de coordinación de policía locais de Galicia para paliar o seu actual déficit de efectivos

- 22697 (10/PRE-007557)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 2 máis

Sobre os datos referidos aos convenios, subvencións e axudas de calquera tipo outorgadas pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria aos concellos de Cerceda e Carral no ano 2017

- 22698 (10/PRE-007558)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e Blanco Rodríguez, Noela

Sobre os datos referidos aos convenios, subvencións e axudas de calquera tipo outorgadas pola Consellería de Política Social aos concellos de Cerceda e Carral no ano 2017

- 22699 (10/PRE-007559)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 2 máis

Sobre os datos referidos aos convenios, subvencións e axudas de calquera tipo outorgadas pola Consellería do Medio Rural aos concellos de Arzúa, Boimorto, Melide, Mesía, Santiso, Sobrado, Toques e Vilasantar no ano 2017

- 22700 (10/PRE-007560)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 2 máis

Sobre os datos referidos aos convenios, subvencións e axudas de calquera tipo outorgadas pola Consellería de Infraestruturas e Vivenda aos concellos de Cerceda e Carral no ano 2017

- 22701 (10/PRE-007561)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 2 máis

Sobre os datos referidos aos convenios, subvencións e axudas de calquera tipo outorgadas pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria aos concellos de Arzúa, Boimorto, Frades, Melide, Mesía, Santiso, Sobrado, Toques e Vilasantar no ano 2017

- 22702 (10/PRE-007562)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e Blanco Rodríguez, Noela

Sobre os datos referidos aos convenios, subvencións e axudas de calquera tipo outorgadas pola Consellería de Política Social aos concellos de Arzúa, Boimorto, Melide, Mesía, Santiso, Sobrado, Toques e Vilasantar no ano 2017

- 22703 (10/PRE-007563)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 2 máis

Sobre os datos referidos aos convenios, subvencións e axudas de calquera tipo outorgadas pola Consellería do Medio Rural aos concellos de Cerceda e Carral no ano 2017

- 22704 (10/PRE-007564)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 2 máis

Sobre os datos referidos aos convenios, subvencións e axudas de calquera tipo outorgadas pola Consellería de Infraestruturas e Vivenda aos concellos de Arzúa, Boimorto, Frades, Melide, Mesía, Santiso, Sobrado, Toques e Vilasantar no ano 2017

- 22757 (10/PRE-007565)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, José Luis e 5 máis

Sobre os requisitos exixidos para o acceso das organizacións profesionais agrarias ás subvencións convocadas na Orde do 29 de novembro de 2017, da Consellería do Medio Rural, para actividades de interese agrario, as razóns existentes para non convocar eleccións sindicais agrarias desde o ano 2002 e os criterios seguidos pola consellaría para considerar legal unha organización de profesionais

- 22772 (10/PRE-007566)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 4 máis

Sobre as razóns do Goberno galego para non establecer máis tributos sobre os custos ambientais de determinadas actividades que inciden no medio ambiente, as razóns da inexistencia dalgún para a utilización de bolsas de plástico dun só uso e as súas previsións respecto do aumento dos gravames vixentes

- 22779 (10/PRE-007567)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 3 máis

Sobre os datos do Goberno galego referidos á existencia de carencias no uso da lingua galega no ámbito de actuación do Ministerio Fiscal en Galicia, o cumprimento das recomendacións reflectidas no Cuarto Informe do Comité de Expertos do Consello de Europa para a Carta Europea das Linguas Rexionais e Minoritarias e as súas previsións respecto do impulso dos cambios lexislativos necesarios para permitir o desenvolvemento de procesos xudiciais en lingua galega no ámbito da actuación do Ministerio Fiscal en Galicia

- 22785 (10/PRE-007568)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 2 máis

Sobre o coñecemento polo Goberno galego dos avisos dos operadores xurídicos referidos aos problemas de fiabilidade do sistema tecnolóxico da Administración de Xustiza e a resposta do Ministerio de Xustiza á información solicitada pola Xunta de Galicia, así como ao acordo parlamentario ao respecto

- 22790 (10/PRE-007569)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 5 máis

Sobre as razóns do Goberno galego para habilitar entidades privadas para a certificación dos coñecementos do profesorado en lingua inglesa e as súas previsións respecto da restitución ás Escolas Oficiais de Idiomas da competencia na formación e certificación dos coñecementos do profesorado galego en todas as linguas

1.4.4.3.1. Preguntas para resposta por escrito reconvertidas en preguntas orais en Comisión

Admisión da solicitude, asignación a Comisión e publicación do acordo

- 8678 (10/PRE-001182)

Grupo Parlamentario de En Marea

Villares Naveira, Luis e 2 máis

Sobre os datos referidos ao sacrificio de gando no matadoiro municipal de Ourense nos anos 2014, 2015, 2016 e 2017, reflectidos na listaxe ou resumo mensual do libro de control sanitario que asina o Servizo veterinario oficial
BOPG nº 114, do 12.05.2017

A Mesa acorda a súa reconversión, solicitada no doc. núm. 22509, en pregunta con resposta oral na Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes.

Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

Santiago de Compostela, 17 de xaneiro de 2018

Diego Calvo Pouso

Vicepresidente 1º

Á Mesa do Parlamento

Patricia Vilán Lorenzo, deputada pertencente ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta por **escrito**.

Nos últimos anos teñen aberto varias tendas especializadas na venda de especies animais consideradas exóticas ou alóctonas, advertindo os colectivos animalistas do risco crecente de abandono que se está a producir. De feito, existen entidades protectoras centradas na recuperación e posta en adopción destes animais, fundamentalmente iguanas ou loros.

Por todo o exposto, a deputada que asina formula as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Ten previsto o Goberno galego desenvolver algunha campaña para previr o abandono e desincentivar a compra de especies exóticas?
2. Ten constancia o Goberno galego do abandono destas especies no medio natural?

Pazo do Parlamento, 4 de xaneiro de 2018

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
Deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 05/01/2018 09:42:28

Á Mesa do Parlamento

Patricia Vilán Lorenzo, Raúl Fernández Fernández e María Luisa Pierres López, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

Os fogos artificiais son un espectáculo singular, mais teñen un impacto negativo sobre o medio natural -especialmente a fauna-, e sobre determinados colectivos sociais -como a nenez e as persoas maiores-.

Nestas últimas semanas, no Concello de Vilagarcía aprobouse por unanimidade unha moción para avaliar o emprego de métodos de pirotecnia máis silenciosos e cun menor impacto sobre a cidadanía, a fauna silvestre e os animais de compañía e domésticos.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Vai valorar o Goberno galego a elaboración dun decálogo de boas prácticas para o lanzamento de pirotecnia?
2. Concorde o Goberno galego coa necesidade de avanzar cara actividades públicas cun menor impacto ambiental, social e animal?
3. Vai incluír o Goberno galego algunha norma específica sobre o emprego de pirotecnia no decreto de desenvolvemento da Lei de benestar e protección dos animais de compañía de Galicia, de 2017?

Pazo do Parlamento, 4 de xaneiro de 2018

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
Raúl Fernández Fernández
María Luisa Pierres López
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia



 Grupo Parlamentario

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 05/01/2018 09:42:50

Raúl Fernández Fernández na data 05/01/2018 09:42:56

María Luisa Pierres López na data 05/01/2018 09:43:14

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Á Mesa do Parlamento

Xoaquín Fernández Leiceaga, Abel Losada Alvarez e Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, deputados e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

Nos últimos días asistimos a dúas decisións do Goberno central que teñen unha consecuencia moi directa nas contas autonómicas para 2018, e en concreto nas de Galicia.

Primeiro, o recálculo das entregas a conta de impostos especiais, IVA e IRPF, así como dos Fondos de Suficiencia Global e Garantía de Servizos Públicos Fundamentais.

Segundo, a non prórroga do Imposto de Patrimonio.

Aínda que o ministro de Facenda, o Sr. Montoro, aduce que estas decisións están vinculadas á prórroga orzamentaria, o certo é que son decisións discrecionais e unilaterais do Goberno central, que poñen de manifesto unha grave quebra do principio de lealdade constitucional – básico nun modelo federal-.

Só se explican pola instrumentación partidaria das institucións e unha concepción neocentralista.

O recálculo das entregas a conta altera substancialmente as cantidades comunicadas no mes de xullo, coas que a Xunta de Galicia confeccionou o documento orzamentario e o Parlamento o aprobou. Anula na práctica o incremento de ingresos sobre o orzamento definitivo de 2017, previsto para este exercicio, ao supoñer unha merma estimada de máis de 300 millóns de euros.

O Imposto de Patrimonio figuraba no orzamento da Xunta de Galicia para 2018 cunha previsión de ingresos de 71 millóns de euros.

 Grupo Parlamentario

Polo tanto, en conxunto hai un quebranto próximo aos 400 millóns de euros nas contas de Galicia.

Por todo o exposto, os deputados e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Cando coñeceu que se produciría o recálculo das entregas a conta e a non prórroga do Imposto de Patrimonio?
2. En canto avalía o quebranto para as contas autonómicas?
3. Manexa algunha previsión de corrección de ambas decisións?
4. Que consecuencias ten para o orzamento da Xunta de Galicia para 2018?
5. Ten previsto efectuar algunha modificación orzamentaria ou unha retención preventiva nas partidas de gasto?
6. De ser así, en cales?
7. Ten prevista algunha acción de índole legal ou política para o restablecemento da situación inicial e a defensa dos intereses da cidadanía de Galicia?

Pazo do Parlamento, 5 de xaneiro de 2018

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Abel Losada Alvarez
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo
Deputados e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 05/01/2018 12:49:09

Abel Fermín Losada Álvarez na data 05/01/2018 12:49:14

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 05/01/2018 12:49:20



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta escrita**.

A empresa “Maderas Iglesias S.A., que conta con centros de produción no Porriño e Mos, foi unha das maiores produtoras de tarima flotante do mercado internacional e chegou a contar cun cadro de persoal na comarca de mais de 800 traballadoras/es, sendo a porcentaxe do cadro de persoal do 80% de mulleres. Aínda que na actualidade o seu cadro de persoal vise reducido a 253 traballadoras/es, segue sendo unha das principais empresas da área de Vigo.

Nos últimos anos o persoal da compañía tivo que soportar ata dous procesos concursais, (o primeiro resolto na fase de Precurso e o segundo resolto con acordo en setembro de 2013). Tamén tiveron que pasar por sete EREs (Expedientes de Regulación de Emprego) suspensivos, dos cales soamente en catro houbo acordo entre traballadores/as e a empresa. A suma dos procesos provoca que, nalgúns casos, certas traballadoras/es xa teñan chegado a máis de 400 días de consumo da súa prestación por desemprego, o que lles repercutirá negativamente se a empresa non sae adiante e son despedidos. E aínda que o comité intercentros sempre pelexou para que o ERE fose o máis equitativo posíbel e se cumprise coa Lei, os xerentes fixeron oídos xordos aos seus consellos, derivando nunha diferenza abismal na súa aplicación: mentres que hai



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

empregadas e empregados que perden 400 días de traballo, outras persoas non chegan a perder ningún.

Houbo reclamacións ante as autoridades denunciando que non se respectan as condición dos EREs nin o seu calendario pactado, por non ser recoñecidas as vacacións e todos os días festivos; non se recoñecen os meses de 31 días como recoñece a Lei e non se pagan os días efectivos de traballo, mesmo chegando a non recoñecerlle as horas sindicais algúns membros do comité, etc.

Con respecto ao salario, en oito anos a subida salarial total foi do 0,75%. Actualmente aínda se debe parte da paga de nadal de 2016, a de marzo e a de Xullo do 2017, así como as irregularidades no pagamento das nóminas, que un mes tras outro se ingresan con retraso. Sempre se abonan os salarios a partir do día 15, chegando en algún caso a pagar as nóminas o día 28. Para os que están de baixa e un verdadeiro suplicio, porque sempre o retraso é aínda moito maior. Tendo que escoitar despropósitos do xerente como, “que pagaría cando el o estimase oportuno”. Esta situación de vulneración dos dereitos dos traballadores/as non é nova, pois xa que nos meses de xuño e xullo do 2015, o persoal xa fixo unha folga de varios días alternos para reclamar a débeda dos seus salarios.

A longo deste tempo as traballadoras e traballadores puxeron da súa parte todo o que puideron para a continuidade da empresa, pero a situación neste momento é insostíbel e pon en grave risco a continuidade da empresa e do emprego. Na última rolda de negociacións, que comezaron o pasado 12 de decembro, o empresario propuxo o despedimento de 140 traballadoras/es, coa ameaza de peche da empresa se non se acepta esta proposta. Unha chantaxe en toda regra, que forma parte do modus operandi do dono da empresa.



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

O pasado 28 de decembro unha representación do comité de empresa, das alcaldías da comarca e das organizacións sindicais reuniuse no parlamento galego con representantes de todos os grupos. E posteriormente integrantes do comité mantiveron un encontro co IGAPE. Nesta xuntanzas púxose de manifesto o apoio dos grupos parlamentares e a necesidade de que a consellaría de Industria interveña diante da propiedade da empresa para procurar a viabilidade do emprego e da empresa.

Cómpre ter en conta que existe un mandato parlamentario, mediante acordo unánime do pleno que tivo lugar o pasado 17 de outubro de 2017, que insta ao goberno galego a “facer xestións ante a propiedade de Maderas Iglesias SA coa finalidade de procurar a viabilidade e continuidade da empresa, velar polos dereitos laborais e polo mantemento do emprego”.

Polo anteriormente exposto formúlase a seguinte pregunta para resposta escrita:

Que xestións realizou a Xunta de Galiza, desde o pleno do pasado 17 de outubro de 2017, para garantir a viabilidade e a continuidade da empresa Maderas Iglesias?

Santiago de Compostela, 8 de xaneiro de 2018

Asdo.: **Luis Bará Torres**
Olalla Rodil Fernández
Noa Presas Bergantiños
Montserrat Prado Cores



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/01/2018 11:41
Nº Rexistro: 22392
Data envío: 08/01/2018 11:41:23.800

Xosé Luis Rivas Cruz

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 08/01/2018 11:40:39

Olalla Rodil Fernández na data 08/01/2018 11:40:45

Noa Presas Bergantiños na data 08/01/2018 11:40:48

María Montserrat Prado Cores na data 08/01/2018 11:40:52

Ana Pontón Mondelo na data 08/01/2018 11:40:55

Xose Luis Rivas Cruz na data 08/01/2018 11:40:56

Á Mesa do Parlamento

Patricia Vilán Lorenzo, María Luisa Pierres López, Noela Blanco Rodríguez e Julio Torrado Quintela, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

O coñecido como “Príncipe Felipe”, en Pontevedra, é un centro aberto de acollida de menores con dificultades familiares ou en risco de exclusión. Ocupa unha superficie de 118.000 metros cadrados, nel traballan 229 persoas e nel hai 210 menores en acollida, dos que unha terceira parte foron derivados pola Xunta de Galicia.

Este centro dispón dunha Unidade de Primeira Acollida que o Goberno galego utiliza como instrumento para derivarlle ao “Príncipe Felipe” menores tutelados con multitude de problemas de conduta (tamén maiores de 14 anos), o que xera multitude de problemas para os menores con dificultades familiares ou en risco de exclusión que son responsabilidade da Deputación de Pontevedra. Debido á multitude de problemas que existían, a propia Deputación tiña ofrecido ao Goberno galego a cesión dun edificio dentro do recinto para a creación dunha unidade específica destinada ao tratamento de problemas de condutas.

En resposta a pregunta deste grupo parlamentario, o 27 de decembro de 2017 o Goberno dicía que, froito das últimas conversas coa Deputación de Pontevedra, se está a tramitar un convenio para o ano 2018 polo que se prescinde do servizo prestado pola Deputación como Unidade de Primeira Acollida e que este servizo de protección de menores se vai manter na provincia de Pontevedra, fóra das instalacións da Cidade Infantil Príncipe Felipe.

Grupo Parlamentario

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para a súa resposta escrita:

Onde vai situar o Goberno galego o servizo de Unidade de Primeira Acollida para a provincia de Pontevedra e destinado ao tratamento de problemas conductuais dos menores tutelados pola Xunta de Galicia?

Pazo do Parlamento, 8 de xaneiro de 2018

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
María Luisa Pierres López
Noela Blanco Rodríguez
Julio Torrado Quintela
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 08/01/2018 12:50:40

María Luisa Pierres López na data 08/01/2018 12:50:46

Noela Blanco Rodríguez na data 08/01/2018 12:50:50

Julio Torrado Quintela na data 08/01/2018 12:50:54

Á Mesa do Parlamento

Patricia Vilán Lorenzo, Concepción Burgo López, Juan Manuel Díaz Villoslada e Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

Galicia ten dúas linguas, galego e castelán, e unha Lei de normalización lingüística dende o 15 de xuño de 1983. Esta lei di, no seu artigo 7.3, que a Xunta de Galicia promoverá, de acordo cos órganos correspondentes, a progresiva normalización do uso do galego na Administración de Xustiza.

Mais o certo é que o uso da nosa lingua na xustiza é absolutamente residual e non hai datos oficiais actualizados, nin sequera cando dende este grupo parlamentario se lle piden expresamente ao Goberno. Así, a última resposta ás nosas preguntas, de data 22 de decembro de 2017, dicía que “a Xunta de Galicia mantén un pleno compromiso co exercicio do dereito ao uso do galego en xuízos por parte de calquera persoa ou profesional do Dereito e que a Administración autonómica promove diversas actuacións para garantir a cooficialidade das dúas linguas e o uso da lingua habitual da cidadanía nos termos previstos no artigo 231 da Lei Orgánica do Poder Xudicial”. Pero non dá datos sobre a actividade en galego dos letrados e letradas da Xunta de Galicia nin sobre as sentenzas e documentación xudicial, probablemente porque eses datos non son bos para o Goberno.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Ten feito o Goberno galego un informe cos datos oficiais do uso do galego na xustiza?
2. Cantas demandas en galego presentaron os letrados da Xunta de Galicia entre os anos 2009 e 2017?

 Grupo Parlamentario

3. Cantos escritos de acusación en galego ten presentado o Goberno galego, como acusación particular, entre os anos 2009 e 2017?
4. Cantas sentenzas se teñen ditado en galego en Galicia entre os anos 2009 e 2017?

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Pazo do Parlamento, 8 de xaneiro de 2018

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
Concepción Burgo López
Juan Manuel Díaz Villoslada
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 08/01/2018 12:51:18

Maria de la Concepción Burgo López na data 08/01/2018 12:51:23

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 08/01/2018 12:51:28

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 08/01/2018 12:51:33

Á Mesa do Parlamento

Patricia Vilán Lorenzo, Raúl Fernández Fernández e María Luisa Pierres López, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

Os desprazamentos alternativos aos vehículos potencian a preservación do medio ambiente e a loita contra o cambio climático.

Como levan tempo denunciando colectivos de usuarios da bicicleta, como “Pedaladas” ou “Masa Crítica”, Renfe dificulta a desexable combinación de tren e bicicleta para os desprazamentos. Ademais de ter que pagar unha tarifa extra por levar a bicicleta no tren (3 euros en traxectos de máis de 100 quilómetros), o billete para esta non se pode mercar na páxina *web* ou na aplicación móbil, senón que hai que facer obrigatoriamente a compra no despacho de billetes da estación, non sabendo ata o momento de chegar se hai ou non sitio para a bicicleta no tren, xa que o espazo destinado a estas está limitado a só 3 bicicletas por tren, logo de que foran eliminados outros 3 espazos para situar as máquinas de venda de comida e bebida.

Tamén ocorre que a venda do billete para a bicicleta faise por traxectos completos, é dicir, non se adecúa á viaxe real da persoa usuaria desa bicicleta. E así, se unha persoa viaxa entre Pontevedra e Santiago en tren coa súa bicicleta, o enganche para esta resérvase para todo o traxecto entre Vigo e A Coruña, impedindo que outra persoa que suba en Santiago para ir ata a Coruña poda usar o mesmo enganche.

A maiores, en relación coas viaxes alternativas, o EuroVelo Atlántico poderíase estender dende Camiña por toda a costa galega, iniciativa que a entidade “ConBici” pretende impulsar, aproveitando a ruta cicloturística do noso país veciño.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Cal é a opinión do Goberno galego sobre que os billetes para bicicletas non se podan mercar na páxina *web* ou na aplicación móbil de Renfe?
2. Cal é a opinión do Goberno sobre que o espazo destinado a bicicletas estea limitado a só 3 por tren?
3. Cal é a opinión do Goberno sobre que as vendas de billetes para bicicletas se teña que facer por traxectos completos?
4. Vai impulsar o Goberno galego a extensión da iniciativa EuroVelo Atlántico dende Camiña por toda a costa de Galicia?

Pazo do Parlamento, 8 de xaneiro de 2018

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
Raúl Fernández Fernández
María Luisa Pierres López
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 08/01/2018 13:06:46

Raúl Fernández Fernández na data 08/01/2018 13:06:50

María Luisa Pierres López na data 08/01/2018 13:06:56



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta escrita**.

1. O CEIP da Igrexa de Chapela-Redondela foi construído nos anos 60 dos século XX nun espazo que se viu constringido polo desenvolvemento de diversas infraestruturas. A que máis impacto negativo causou ao centro foi sen dúbida a construción da autoestrada do Atlántico, que nos anos 70 provocou a expropiación de parte dos terreos e a afectación do predio e as edificacións escolares.

2. No ano 2015 o centro educativo viuse de novo afectado polas obras de ampliación da autoestrada AP 9 entre Rande o o enlace de Teis, que prevía a expropiación de parte dos terreos e a demolición dunha edificación destinada a vestiario e sala de profesores. A construción desta infraestrutura viu a agravar a situación do colexio, unindo ás deficiencias de ubicación, dificultades de acceso en canto a mobilidade e accesibilidade, impacto da autoestrada, limitacións de espazo e antigüidade das instalacións, unha nova perda de terreos e equipamento.

3. Como consecuencia destes graves perxuizos, a comunidade escolar e a veciñanza propuxo unha solución con perspectiva de futuro, que pasaba polo traslado e a construción dun novo colexio nunha ubicación máis axeitada. Como resultado das negociacións posteriores, acordouse entre o Ministerio de Fomento, a empresa



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/01/2018 13:27
Nº Rexistro: 22428
Data envío: 08/01/2018 13:27:50.623

concesionaria AUDASA, o concello de Redondela e a Xunta de Galiza, a construción dun novo centro educativo nun predio de aproximadamente 34.000 m² situado no lugar de Cidadelle-Chapela. Segundo o acordo acadado, a empresa AUDASA comprometeuse á compra do terreo (propiedade da SAREB) e á construción do colexio dacordo coa normativa da consellaría de Educación (excluíndo o mobiliario e equipamento). A administración municipal asumiu o compromiso de xestionar a recualificación dos terreos e a dotación dos servizos necesarios: acceso rodado, abastecemento e depuración de augas, subministro eléctrico e telecomunicacións. No acordo asinado fíxase como prazo máximo para o traslado da actividade escolar ao novo centro o inicio do curso 2020-2021. Posteriormente, ante a presión da comunidade educativa do centro polo impacto das obras de ampliación da autoestrada, a Xunta de Galiza e o concello de Redondela anunciaron que o novo colexio entraría en funcionamento no curso 2018-2019. Mais de momento aínda non comezaron as obras e non se prevé que se inicien a curto prazo.

4. Nestes momentos a situación do centro educativo da Igrexa é insostíbel. Os reiterados incumprimentos da administración local, autonómica e estatal contrastan coas présas por poñer en servizo a ampliación da ponte de Rande, co único fin de beneficiar á concesionaria da autoestrada. Unha actuación irresponsábel, que afecta gravemente á parroquia de Chapela xa que pon en risco a seguridade e a saúde da comunidade escolar e da veciñanza. E por se isto fose pouco, asistimos a unha nova burla e a un novo atropelo coa posta en servizo do carril de incorporación á AP9 desde Chapela en dirección Rande, que está pegado ao edificio escolar, cando había un compromiso verbal e un acordo parlamentario para pospoñelo en tanto non comezase a actividade no novo centro educativo.



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/01/2018 13:27
Nº Rexistro: 22428
Data envío: 08/01/2018 13:27:50.623

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

-Considera a Xunta de Galiza que o impacto da ampliación da AP9 é compatíbel coa actividade lectiva no colexio da Igrexa-Chapela?

-Que medidas aprobou ou promoveu o goberno galego para limitar o impacto da ampliación da autoestrada na actividade escolar?

-Que pasos se deron desde 2015 para a recualificación urbanística da finca na que se prevé construír o novo colexio da Igrexa en Chapela?

-Aprobou a Xunta de Galiza o proxecto do novo centro educativo?

-En que prazo está previsto o inicio da actividade lectiva no novo centro?

Santiago de Compostela, 8 de xaneiro de 2018

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/01/2018 13:27
Nº Rexistro: 22428
Data envío: 08/01/2018 13:27:50.623

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 08/01/2018 13:26:18

María Montserrat Prado Cores na data 08/01/2018 13:26:23

Ana Pontón Mondelo na data 08/01/2018 13:26:24

Xose Luis Rivas Cruz na data 08/01/2018 13:26:26

Olalla Rodil Fernández na data 08/01/2018 13:26:27

Noa Presas Bergantiños na data 08/01/2018 13:26:29



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández, Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Luis Bará Torres e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta escrita**.

No DOGA de 29 de agosto de 2017, mediante decreto, crease a chamada Axencia Galega da Industria Forestal, que asumirá tódalas competencias da Dirección Xeral de Planificación e Ordenación forestal, agás a de prevención e loita contra os lumes forestais.

Non houbo para a súa creación ningunha consulta nin debate coas organización sectoriais relacionadas co monte furtando a posibilidade, de presentación de achegas pola sociedade galega.

Segundo o decreto polo que se crea a Axencia Galega da Industria Forestal, esta, entenderá basicamente da industria de produción forestal de madeira, (a día de hoxe eucaliptus e piñeiros) ,e cultivos enerxéticos.

Poderíase deducir que a produción doutras especies madeireiras con posibilidades de seren utilizadas en industrias de segunda e terceira transformación e polo tanto xeradoras de valor engadido non terán xa cabida no monte galego. Ou que a nova Axencia non atenderá ás funcións sociais e medioambientais que todo monte debe cumprir e terán estas carácter residual.



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A planificación das políticas de montes e as especificamente forestais deberían ser froito dun estudo emanado do sector e das orientacións dos expertos na materia e plasmados nun Plan Forestal a moi longo prazo, pois os ciclos e características do monte así o demandan. Pero este Plan Forestal de Galicia ademais de violentado e burlado está sen revisar.

A creación da Axencia Galega da Industria Forestal antes de estar aprobado o Plan Forestal de Galiza, vén a suxerirnos que para a Xunta de Galicia, as únicas industrias que virá ter o monte galego serán as derivadas da produción de eucaliptus, piñeiros e cultivos enerxéticos. Todo isto danos a entender que as intencións das políticas do PP , aparte as frases de propaganda, van orientadas nese sentido.

En Galicia, o monte público (das entidades locais menores, dos concellos, das deputacións provinciais, da Xunta de Galicia), ocupa un escaso 4%. Ata o de agora, o órgano consultivo para política de montes era o Consello Forestal de Galicia, un órgano que aínda que tiña eivas na súa representación, nel estaban representados os titulares dos montes e algunhas organizacións sectoriais relacionadas co monte.. Agora, coa creación da Axencia Galega da Industria Forestal, o órgano consultivo, denominado Consello Reitor, estará composto por 11 persoas (10 da Administración Autonómica e 1 da Administración local).

Por todo o anteriormente exposto fórmulanse as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

--Cando un titular dun monte, decida que as súas terras deben ser planificadas de xeito multifuncional e sustentable ou mesmo decida que nas súas terras, o aspecto forestal é o menos importante, será aprobado o seu Plano de Ordenación?



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/01/2018 13:54
Nº Rexistro: 22436
Data envío: 08/01/2018 13:54:40.450

--Será castigado a non recibir ningún tipo de axuda e a non poder comercializar os seus aproveitamentos?.

--Non nos leva a creación desta Axencia a unha situación de intervencionismo feroz dos intereses económicos da industria da madeira e forestal usando, unha vez máis, como medio ó goberno galego?

--Se na práctica, a Axencia Galega da Industria Forestal vai asumir tódalas competencias da Consellería de Medio Rural en materia de montes, cal vai se-lo papel que cumpra o actual Consello Forestal de Galicia?

--Vaise suprimir e con el a xa cativa representación das organizacións sectoriais relacionadas co monte?

--Considera acaido que no Consello Reitor da Axencia Galega da Industria Forestal, non estean representadas as organizacións sectoriais relacionadas co monte ?

Santiago de Compostela, 8 de xaneiro de 2018

Asdo.: Xosé Luis Rivas Cruz

Olalla Rodil Fernández

Noa Presas Bergantiños

Montserrat Prado Cores

Luis Bará Torres

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/01/2018 13:54
Nº Rexistro: 22436
Data envío: 08/01/2018 13:54:40.450

Asinado dixitalmente por:

Xose Luis Rivas Cruz na data 08/01/2018 13:53:55

Olalla Rodil Fernández na data 08/01/2018 13:53:59

Noa Presas Bergantiños na data 08/01/2018 13:54:03

María Montserrat Prado Cores na data 08/01/2018 13:54:07

Xosé Luis Bará Torres na data 08/01/2018 13:54:08

Ana Pontón Mondelo na data 08/01/2018 13:54:12



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGU

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/01/2018 09:30
Nº Rexistro: 22443
Data envío: 08/01/2018 14:01:12.748

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Luis Bará Torres e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta escrita**, sobre a apertura da residencia de maiores de Baleira.

O 8 de xaneiro de 2018 o DOG publicou a resolución pola que se anuncia a licitación para a contratación da concesión do servizo asistencial de atención diúrna e atención residencial no centro de atención ás persoas maiores de Baleira.

Neste senso, a Consellaría de Política Social asegurou que o centro abrirá nos vindeiros meses despois de acumular continuos retrasos. Primeiro nas obras, que malia se iniciar en 2013 non remataron até hai un ano e medio. Posteriormente no equipamento da residencia, iniciado en setembro de 2017 e aínda sen rematar cando foi publicada a devandita resolución de licitación.

Nesta infraestrutura, que constitúe un servizo fundamental para a atención das persoas maiores, a Xunta de Galiza ten investido máis dun millón de euros públicos, porén, a súa xestión será finalmente privada.

Por todo o exposto, formulamos as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/01/2018 09:30
Nº Rexistro: 22443
Data envío: 08/01/2018 14:01:12.748

- Cales foron as razóns que explican as continuas demoras na posta en funcionamento da residencia de maiores de Baleira?
- Por que estivo o centro pechado ano e medio desde que finalizaron as obras de construción? Por que non comezou a equiparse o centro até setembro de 2017?
- Por que, despois de investir máis dun millón de euros públicos na construción e equipamento do centro, a Xunta de Galiza decide privatizar a súa xestión a través dunha concesión?

Santiago de Compostela, 8 de xaneiro de 2018

Asdo.: Olalla Rodil Fernández

Noa Presas Bergantiños

Montserrat Prado Cores

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/01/2018 09:30
Nº Rexistro: 22443
Data envío: 08/01/2018 14:01:12.748

Olalla Rodil Fernández na data 08/01/2018 14:00:46

María Montserrat Prado Cores na data 08/01/2018 14:00:50

Ana Pontón Mondelo na data 08/01/2018 14:00:52

Xose Luis Rivas Cruz na data 08/01/2018 14:00:53

Noa Presas Bergantiños na data 08/01/2018 14:00:55

Xosé Luis Bará Torres na data 08/01/2018 14:00:57



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/01/2018 12:35
Nº Rexistro: 22514
Data envío: 09/01/2018 12:35:06.066

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Luis Bará Torres e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta escrita**, sobre a desaparición das canles privadas de TDT de carácter autonómico vinculadas ás licenzas concedidas e prorrogadas pola Xunta de Galiza.

A canle Voz Televisión cesou as súas emisións o 1 de xaneiro de 2018 o que supuxo a desaparición das dúas canles privadas de TDT de carácter autonómico que foran concedidas pola Xunta de Galiza, toda vez que Popular TV pechou en 2013.

Estas dúas licenzas, concedidas polo Goberno de Manuel Fraga (PP) en 2005 foron prorrogadas en dúas ocasións pola Xunta de Galiza aproveitando a Lei de Medidas fiscais e administrativas dos Orzamentos de 2014 e 2017. Prórrogas que se concederon malia os evidentes incumprimentos por parte das entidades que as xestionan das condicións de mantemento das licenzas.

Tan evidentes foron e son os incumprimentos como que Popular TV deixou de emitir, despois de despedir o cadro de persoal, en xullo de 2013, un ano antes de que lle fose prorrogada a licenza. Agora, co peche de Voz Televisión, a pregunta volve ser a mesma, que acontecerá con estas licenzas de TDT toda vez que foron prorrogadas até 2021.



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Alén disto, desde o Colexio Profesional de Xornalistas de Galiza advertiron ao fío do cesamento das emisións de Voz Televisión, que boa parte das licenzas de emisión local ou comarcal non están tampouco a emitir.

Desde o BNG lembramos que é responsabilidade da Xunta de Galiza garantir que se cumpran as condicións que rexen as concesións das frecuencias de radio e televisión debendo ser revisadas periodicamente por se non se estivesen a cumprir, adoptando as medidas necesarias en caso de incumprimento.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

- Como valora a Xunta de Galiza a desaparición das dúas canles de TDT privadas de carácter autonómico que existían até o de agora na Galiza?

- Despois do peche de Popular TV en 2013 e do cesamento das emisións de Voz Televisión en 2018, que medidas prevé adoptar o Goberno galego en relación coas licenzas que posúen estas dúas entidades?

- Cre a Xunta de Galiza que a non emisión de contidos supón un incumprimento das condicións que rexen as concesións das frecuencias de radio e televisión? De ser así, cal será o futuro das devanditas licenzas?

- Cal é a situación na que se atopan as licenzas locais e/ou comarcais adxudicadas?

- Desenvolve algún seguimento o Goberno galego para comprobar o cumprimento das condicións das concesións?



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/01/2018 12:35
Nº Rexistro: 22514
Data envío: 09/01/2018 12:35:06.066

- Cal cre a Xunta que será o futuro da TDT na Galiza tendo en conta a situación actual?

Santiago de Compostela, 9 de xaneiro de 2018

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Noa Presas Bergantiños

Montserrat Prado Cores

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 09/01/2018 12:33:40

María Montserrat Prado Cores na data 09/01/2018 12:33:44

Ana Pontón Mondelo na data 09/01/2018 12:33:45

Xose Luis Rivas Cruz na data 09/01/2018 12:33:47



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/01/2018 12:35
Nº Rexistro: 22514

Data envío: 09/01/2018 12:35:06.066

Noa Presas Bergantiños na data 09/01/2018 12:33:49

Xosé Luis Bará Torres na data 09/01/2018 12:33:51



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Montserrat Prado Cores, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta escrita**, relativa á inmediata necesidade de rectificación por parte do goberno central de permitir que o teléfono 016 deixe de ser empregado para a atención exclusiva de mulleres vítimas de violencia machista e a súa contorna.

O goberno central vén de facer público o prego de prescricións técnicas que deberá rexer a contratación do servizo 016 de información e asesoramento xurídico en materia de violencia de xénero, por procedemento aberto, con tramitación ordinaria do expediente. O artigo 18 da Lei 1/2004 orgánica de medidas de protección integral contra a violencia de xénero recolle o dereito á información como pilar para poder desenvolver os demais dereitos que recolle a lei e como elemento fundamental para intervir e superar calquera situación de violencia. Neste sentido, desde setembro do ano 2007 o Estado español conta cun teléfono de atención gratuíto e que non deixa pegada na factura ao que se pode dirixir calquera vítima de violencia machista ou calquera persoa da súa contorna que poida precisar asesoramento de diferente índole. Máis aínda, co paso dos anos e coa súa presenza nos medios de comunicación, este teléfono ten acadado unha importante referencialidade e grao de coñecemento. Porén, con base ao número de chamadas consideradas pertinentes pola información estatística do goberno central, resulta obvio que aínda queda traballo por facer na súa socialización e na súa mellora como ferramenta.



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/01/2018 13:12
Nº Rexistro: 22521
Data envío: 09/01/2018 13:12:33.197

Segundo datos do propio ministerio, no mes de novembro de 2017 este teléfono atendeu na Galiza 226 chamadas e ao longo de todo o ano 2016, o último con informe anual elaborado, chegou a atender un total de 4.033. Polo tanto, desde o Bloque Nacionalista Galego consideramos que é un servizo que hai que mellorar e fomentar e vemos con preocupación as condicións descritas no prego para a nova contratación do servizo, que vén a engadirse ás queixas sobre o mesmo que puideron coñecerse durante os últimos anos. Atendendo ao prego de condicións obsérvase como se incluírán novos servizos (malia non incrementarse, doutra banda, o valor do servizo) para facilitar aos homes diversas orientacións, entre as que sorprende que se facilite o asesoramento legal en asuntos como a custodia. Desde o Bloque Nacionalista Galego consideramos que estas cuestións desvirtúan o sentido para o que naceu o teléfono 016, dilúen o seu ámbito de actuación, deixa de priorizar ás mulleres e pode constituír un factor de desincentivación. En caso de haber necesidade desas novas funcións é preciso que asuma un teléfono ou servizo diferente, polo que demandamos a urxente rectificación por parte do Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade do Goberno Central e que a Xunta de Galiza actúe para evitar este paso atrás.

Por todo isto fórmulanse as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

-Que actuacións levou ou vai levar a cabo o goberno galego para impedir que o teléfono 016 deixe de ser empregado para a atención exclusiva de mulleres vítimas de violencia machista e a súa contorna?

-Coñecía o goberno galego as intencións do goberno central? Que opinión lle merece? Foi consultada esta decisión coas comunidades autónomas? Cal foi a opinión de Galiza?



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

-Considera que é pertinente que este teléfono atenda consultas xurídicas que nada teñen que ver coa violencia machista?

-Considera o goberno galego que axuda a visibilizar a violencia contra as mulleres que se dilúan as funcións do servizo?

Santiago de Compostela, 9 de xaneiro de 2018

Asdo.: Noa Presas Bergantiños

Montserrat Prado Cores

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 09/01/2018 13:11:11

María Montserrat Prado Cores na data 09/01/2018 13:11:16

Olalla Rodil Fernández na data 09/01/2018 13:11:17



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/01/2018 13:12
Nº Rexistro: 22521
Data envío: 09/01/2018 13:12:33.197

Xose Luis Rivas Cruz na data 09/01/2018 13:11:22

Xosé Luis Bará Torres na data 09/01/2018 13:11:25

Ana Pontón Mondelo na data 09/01/2018 13:11:29

Á Mesa do Parlamento

Xoaquín Fernández Leiceaga e Raúl Fernández Fernández, deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta escrita**.

A documentación orzamentaria presentada pola Xunta de Galicia para o ano 2018, contempla un cativo investimento para a conversión en autovía do actual VAP Brión – Noia por importe de 250.000 euros, figurando tal contía dentro dun investimento xeral para o que non se determina límite temporal algún, senón que se reflicte que se prolongaría máis alá do ano 2021, sen maior precisión.

Ao parecer, a partida orzamentaria do ano 2018 dedicaríase para licitar en primeiro termo, a redacción do proxecto construtivo para esta nova autovía autonómica.

Existen varias cuestións que sería preciso clarificar ao respecto desta obra viaria, e que está a xerar preocupación entre a veciñanza desta área territorial. Así, entre outras cuestións, as que se refiren ao cadro de características construtivas, para que se realice cas máximas calidades técnicas. Por exemplo, as que afectan a como se pensa acometer a cuestión das inclinacións máximas, dado que a actual estrada posúe pendentes/ramplas que superan en varios tramos o 7 %, e que superaría os valores máximos aplicables ou permitidos para a construción de autovías.

Tampouco é coñecido en cantos tramos se acometería a súa realización e incluso se manifesta que os prazos concretos de execución estarían vinculados á execución doutra obra que se está a acometer, como é o desdoblamento do corredor do Morrazo, sen que se dean a coñecer as razóns da subordinación a tal conexión.

Por outra banda, o orzamento total previsto segundo a información orzamentaria facilitada, ascende a 15.250.000 €. Dado que as obras do corredor se licitaron no ano 2007 e 2008 por un importe de 78.000.000

Grupo Parlamentario

€ (máis de cinco veces a contía agora prevista), parece un financiamento insuficiente e que debera ser complementado.

Por todo o anterior fórmulanse as seguintes preguntas ao respecto do desdoblamento en autovía da estrada Brión – Noia:

1ª) Que cronograma de actuación (fases, datas, modalidade de contratación,...) manexa a Xunta de Galicia para a realización efectiva desta autovía?

2ª) Que características técnicas se establecerán e, concretamente, cales serán os valores máximos previstos de inclinación da rasante en ramplas/pendentes?

3ª) Ten previsto a súa realización (do proxecto e obra) por tramos e en tal caso, en cales e en que datas?

4ª) Que volume de investimento ten previsto dedicar e en que anualidades concretas?

5ª) Por que se vincula a realización desta obra á execución do desdoblamento do Morrazo, a cal aínda nin foi adxudicada na súa totalidade?

6ª) Considera que no ano 2022 se poderá circular por esta nova autovía?

Pazo do Parlamento, 9 de xaneiro de 2018

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Raúl Fernández Fernández
Deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 09/01/2018 13:25:53



 **Grupo Parlamentario**

Raúl Fernández Fernández na data 09/01/2018 13:26:34

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Á MESA DO PARLAMENTO

Davide Rodríguez Estévez e Paula Quinteiro Araújo, deputado e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 157 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta escrita**.

Os incendios forestais, que ano tras anos asolan o noso país, teñen custes inaceptables, vidas, vivendas, patrimonio forestal, biodiversidade, un conxunto de degradación e destrución do noso medio que precisan de accións eficaces e persistentes que eviten hipotecar o noso futuro e a nosa identidade.

O pasado mes de outubro do ano 2017, o lume arrasou milleiros de hectáreas no noso país.

Moitos destes lugares eran de pendente elevada, e vendo que tódalas previsións dicían que as escorrentías do inverno, lavarían cinza da ladeira. Foron moitas as organizacións e plataformas que deron conta de que se precisaba un labor de rexeneración e contención da cinza canto antes.

O método do “Heomulching” ou acolchado con palla, está a facelo a Xunta a través do "millionario" contrato que ten coa empresa Inaer.

Por todo o exposto anteriormente, o Grupo Parlamentar de En Marea formula as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Cal é o custe que tivo as distintas actuacións de acolchado con helicóptero nos montes queimados en Galiza no pasado ano por distritos?
2. En que terreos queimados por distrito actuaron?



3. Cal foi o resultado do mesmo despois da aplicación desta práctica?

Santiago de Compostela, 9 de xaneiro de 2018.

Asinado dixitalmente por:

David Rodríguez Estévez na data 09/01/2018 13:59:48

Paula Quinteiro Araújo na data 09/01/2018 13:59:57

Á Mesa do Parlamento

Patricia Vilán Lorenzo, Abel Losada Alvarez, Julio Torrado Quintela, Raúl Fernández Fernández e María Luisa Pierres López, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

Resulta obvio que a entrada en funcionamento do chamado Eixo Atlántico de Alta Velocidade entre Vigo e A Coruña, xunto coa nova vía Santiago-Ourense, teñen significado unha mellora moi importante nas conexións interiores de Galicia por ferrocarril entre as grandes áreas urbanas. Mais a vertebración ferroviaria do noso país ten aínda grandes eivas en canto a servizos que permitan conectar tamén o rural galego, aínda non existe o tren de alta velocidade entre Galicia e Madrid e as melloras nas conexións ferroviarias do Eixo Atlántico non están sendo explotadas ao máximo.

Renfe limítase a prestar servizos directos dentro desas novas liñas sen aproveitar nin estudar todas as posibles conexións e transbordos entre diferentes trens, en definitiva, sen ofertar un servizo integral de ferrocarril. E un dos exemplos é a conexión de Pontevedra con Ourense, que se tivese uns pequenos axustes (como que, ás veces, as combinacións non son posibles por 1 ou 2 minutos), podería ver reducida a duración das viaxes entre 15 minutos e 1 hora e media en función do servizo do que se trate.

Nun contexto no que o transporte público tende á intermodalidade, Renfe non oferta bonos únicos cando é preciso cambiar de tren e penaliza aos viaxeiros que deben facer transbordos nesa liña.

Ao que hai que unir que a conexión de Pontevedra con Madrid a día de hoxe -en tanto non entre en funcionamento a variante de Cerdedo, novamente adiada nos orzamentos Xerais do Estado- é máis rápida por Santiago que polo Miño.

Grupo Parlamentario

A maiores, resultaría especialmente interesante considerar a inclusión do ferrocarril Vilagarcía-Pontevedra-Vigo dentro do Plan de transporte metropolitano.

Por todo o exposto, as deputadas e os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Concorda o Goberno galego co feito de que Renfe non oferta para Galicia un servizo integral de ferrocarril?
2. Vai demandar o Goberno galego ao Goberno do Estado que Renfe sincronice en Santiago de Compostela os enlaces dos trens Vigo-A Coruña cos de Ourense-A Coruña, para incrementar as conexións de Pontevedra e Vilagarcía de Arousa con Ourense?
3. Vai demandar o Goberno galego ao Goberno do Estado que Renfe oferte bonos integrados de entre Pontevedra e Ourense e viceversa?
4. Vai demandar o Goberno galego a apertura dunha mesa de diálogo co Goberno do Estado co obxecto da realización dunha planificación do transporte ferroviario na provincia de Pontevedra que teña como obxectivos o incremento de frecuencias no eixo Vilagarcía-Pontevedra-Vigo, así como un abaratamento dos custos actuais dos billetes?
5. Ten intención o Goberno de integrar o ferrocarril da área de Pontevedra no Plan de transporte metropolitano de Galicia, previo acordo cos concellos afectados?

Pazo do Parlamento, 9 de xaneiro de 2018

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
Abel Losada Alvarez
Julio Torrado Quintela
Raúl Fernández Fernández
María Luisa Pierres López

Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia



 Grupo Parlamentario

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 10/01/2018 09:39:07

Abel Fermín Losada Álvarez na data 10/01/2018 09:39:13

Julio Torrado Quintela na data 10/01/2018 09:39:17

Raúl Fernández Fernández na data 10/01/2018 09:39:22

María Luisa Pierres López na data 10/01/2018 09:39:26

Á Mesa do Parlamento

Julio Torrado Quintela e Noela Blanco Rodríguez, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

A Asociación de Médicos Interinos de Galicia, (ASMIG), vén de alertar, a través da presentación dunha queixa ante a Valedora do Pobo que o Sergas non facilita os informes clínicos de alta a pacientes que solicitan a alta voluntaria. Advirten que incumplir este paso provoca problemas no sistema, porque no caso de que o paciente escolla outras vías de tratamento como a sanidade privada, o médico receptor non ten a información suficiente para un correcto tratamento.

Dende a Consellería de Sanidade vén de informar que estas acusacións non son certas e que as persoas pacientes que solicitan alta voluntaria reciben o seu informe clínico correspondente segundo marca a normativa vixente ao respecto.

Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Pode garantir a Consellería de Sanidade que sempre están sendo entregados os informes clínicos a todas as persoas que solicitan altas voluntarias no sistema de saúde de Galicia?
2. Por que considera a Consellería de Sanidade que existe esta queixa da Asociación de Médicos Interinos de Galicia se a consellería indica que non é certa?
3. Ten rexistrada a Consellería de Sanidade algunha queixa formal de pacientes que solicitaron informes clínicos por altas voluntarias e non lle foron entregados? E de pacientes que so recibiron o informe tras presentar unha reclamación ou queixa?

Pazo do Parlamento, 9 de xaneiro de 2018

Asdo.: Julio Torrado Quintela
Noela Blanco Rodríguez
Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:



 Grupo Parlamentario

Julio Torrado Quintela na data 10/01/2018 09:44:35

Noela Blanco Rodríguez na data 10/01/2018 09:44:41

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Á MESA DO PARLAMENTO

Davide Rodríguez Estévez e Paula Quinteiro Araujo, deputado e deputada do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 157 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta escrita**.

A produción de castañas en Galiza, a día de hoxe, non está garantida despois da nefasta campaña que minguou preto dun 70%. Esta redución foi produto da seca, xeadas, pedrazo e vespa do castiñeiro, algo que dende En Marea tiñamos máis que avisado dende fai meses en canto a Consellería de Medio Rural mirou para outro lado.

Advertimos no seu momento que non se estaba a facer o suficiente na loita contra o *Dryocosmus kuriphilus*, e así se viu cando fai menos dun mes se aprobou nesta Comisión unha PNL idéntica a que En Marea trouxo facía meses onde se instaba o ministerio a solta masiva de *Torymus Sinensis* para facerlle fronte a praga.

Tamén puxemos en dúbida dende o primeiro momento a liña de axudas que a Xunta de Galicia estaba a sacar para paliar os danos pola seca, sarabia ou xeadas. Liña de axudas que fuxiron da realidade que estamos a padecer produtoras e produtores, así como gandeiras/os ou labregas/os.

A día de hoxe temos constancia de que solicitaron estas axudas sobre un 1´5% das explotacións totais da Galiza.

Tamén temos que ter en conta, de que a castaña complementa as economías familiares, polo que non estamos a falar solo de comercializadores e empresas



transformadoras, polo que a Xunta de Galiza tiña que ter xa unha liña de axudas que chegaran a tódolos niveis na escala da produción e venda.

Por todo o exposto anteriormente, o Grupo Parlamentar de En Marea presenta a seguinte pregunta para a súa resposta escrita:

- Debido á situación de excepcionalidade na que se atopan os/as produtores/as, transformadores/as e comercializadores/as de castaña, ten pensado a Xunta de Galiza sacar algunha liña de axudas para paliar as enormes perdas sufridas na última campaña?

Santiago de Compostela, 9 de xaneiro de 2018.

Asinado dixitalmente por:

David Rodríguez Estévez na data 10/01/2018 10:06:06

Paula Quinteiro Araújo na data 10/01/2018 10:06:13

Á Mesa do Parlamento

José Manuel Pérez Seco, María Dolores Toja Suárez e Julio Torrado Quintela, deputados e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

A Casa do Reloxo, no concello coruñés de Mugardos, é unha instalación de Portos de Galicia, que nunca tivo uso municipal nin sequera cesión. Unicamente estivo a oficina de turismo un par de anos, e na actualidade está ocupada por unha pequena oficina da Policía Portuaria.

O PSdeG-PSOE de Mugardos amosase dende hai anos preocupado polo estado de abandono no que se atopa este edificio público, xa que forma parte da fachada marítima do pobo, é un edificio emblemático e pódese utilizar e rendibilizar para oficinas municipais ou/e acoller calquera outra actividade.

Portos de Galicia non investiu nin un só euro neste inmovible dende hai máis de 20 anos, agás nunha parte que teñen na planta baixa onde se atopa unha oficina de Portos de Galicia (onde se realizan diversos trámites). O resto do edificio está completamente abandonado, sen entrar en detalles en canto ao cumprimento ou non das diversas normativas (riscos laborais, accesibilidade, etc).

Por iso os deputados e a deputada que asinan solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

1ª) Ten Portos de Galicia algún proxecto para a Casa do Reloxo, dado que o estado no que se atopa é lamentable e ruinoso, en caso afirmativo, cal é, e en que prazo?

2ª) Ten valorado o Goberno galego a través de Portos de Galicia a posibilidade de colaboración entre a Administración autonómica e a local para a súa rehabilitación e posterior utilización polo Concello?



Grupo Parlamentario

Pazo do Parlamento, 9 de xaneiro de 2018

Asinado dixitalmente por:

Jóse Manuel Pérez Seco na data 10/01/2018 10:33:14

María Dolores Toja Suárez na data 10/01/2018 10:33:31

Julio Torrado Quintela na data 10/01/2018 10:33:44

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

José Manuel Pérez Seco, deputado pertencente ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

O día 22 de setembro de 2017 o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, rexistrou dúas iniciativas, unha co número 17264 para a súa resposta oral na Comisión 6ª, e outra co número 17265 para a súa resposta escrita, “*Sobre o número de vivendas de uso turístico existentes en cada un dos concellos de Galicia dende a entrada en vigor do Decreto 12/2017, así como a posición do Goberno galego en relación co recurso contencioso-administrativo presentado ao respecto pola Comisión Nacional dos Mercados e a Competencia*”.

O día 3 de novembro de 2017 celebrouse a sesión da Comisión 6ª na que a directora Xeral de Turismo acudiu á Comisión para dar resposta a iniciativa número 17264, que constaba de 2 preguntas.

Dada a parcialidade dos datos aportados na comparecencia da directora xeral na Comisión 6ª do día 3 de novembro de 2017, os datos requiridos na iniciativa deste deputado, seguen o día de hoxe sen resposta, por todo isto amosamos a nosa protesta e reiteramos a pregunta para que nos dean resposta por escrito a todos os datos solicitados.

Dende a entrada en vigor do Decreto 12/2017, cantas vivendas de uso turístico hai en cada provincia, especificadas por concellos?

Pazo do Parlamento, 9 de xaneiro de 2018

Asinado dixitalmente por:



Grupo Parlamentario

Jóse Manuel Pérez Seco na data 10/01/2018 10:34:23

Partido dos
Socialistas
de Galicia



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, Olalla Rodil Fernández, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Luis Bará Torres e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta escrita**, relativa ao impacto na ría de Arousa da reapertura dunha mina situada nos concellos de Touro e O Pino.

O 25 de agosto saíu a exposición pública o proxecto de reapertura da explotación da mina para a extracción de cobre nos concellos de Touro e o Pino, presentado pola empresa Cobre San Rafael S.L. A intención deste proxecto é seguir explotando os xacementos abandonados no ano 1986 e engadir xacementos colindantes.

Trátase dun proxecto de megaminería a ceo aberto que ocupará unha extensión de 698 Ha. 70% correspóndense con novas afectacións, só o 30% son terreos xa afectados pola anterior explotación.

Trátase dun proxecto con elevadísimos impactos negativos, tanto medioambientais, na saúde e económicos, o que fai que sexan innumerábeis as mostras de rechazo ao mesmo.



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A súa ubicación en plena conca do río Ulla ten feito saltar as alarmas na ría de Arousa, polo temor as graves consecuencias que no tecido socioproductivo da ría pode ocasionar a reapertura desta explotación mineira, xa que os cursos de auga da mina drenan cara o río, e polo tanto a contaminación que xere irá ao mesmo.

O río Ulla é o principal aporte de auga doce á ría e desemboca directamente nos bancos marisqueiros. O impacto medioambiental e no sector productivo, tanto marisqueiro como da pesca pode ser letal. A inmensa magnitude dos verquidos da actividade mineira e dos depósitos de almacenamento de residuos supoñen un risco evidente para a calidade das augas deste río e polo tanto do conxunto da ría, da que viven directamente trinta mil familias.

Por todas estas razóns formúlanse as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

-Cal é a posición da Consellaría do Mar a respecto do proxecto de mina San Rafael situada nos concellos de Touro e O Pino?

-Ten feito a Consellaría do Mar unha valoración da posíbel afectación na ría de Arousa da reapertura dunha mina nos concellos de Teo e O Pino?

-Ten realizado algún estudo sobre a posíbeis consecuencias na ría, nos bancos marisqueiros e na pesca?



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/01/2018 10:49
Nº Rexistro: 22592
Data envío: 10/01/2018 10:49:24.302

-De ser así cal é o resultado do mesmo?

-Vai atender as demandas de confrarías, asociacións de mexiloeiros, PDR, concellos... para que non se autorice o proxecto da mina San Rafael ubicada nos concellos de Touro e o Pino?

Santiago de Compostela, 10 de xaneiro de 2018

Asdo.: Montserrat Prado Cores

Olalla Rodil Fernández

Noa Presas Bergantiños

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 10/01/2018 10:42:40



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/01/2018 10:49
Nº Rexistro: 22592
Data envío: 10/01/2018 10:49:24.302

Olalla Rodil Fernández na data 10/01/2018 10:42:45

Ana Pontón Mondelo na data 10/01/2018 10:42:49

Xose Luis Rivas Cruz na data 10/01/2018 10:42:51

Noa Presas Bergantiños na data 10/01/2018 10:42:52

Xosé Luis Bará Torres na data 10/01/2018 10:42:53

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Juan Manuel Díaz Villoslada, Patricia Vilán Lorenzo e Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, deputado e deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

A última Memoria anual de actividades de coordinación de policía local de Galicia presentada pola Dirección xeral de Emerxencias e Interior da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, correspondente ao exercicio 2016, recolle que das 2.765 prazas correspondentes aos actuais corpos de policía local de Galicia, 330 estaban vacantes (o 12 %). Nos concellos da provincia da Coruña, 133 vacantes, na provincia de Lugo, 29 vacantes, na de Ourense, 39 e nos concellos de Pontevedra, 129 vacantes.

Conforme dispón o artigo 4 da Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación das policía local de Galicia, no exercicio das competencias que corresponden aos concellos, os corpos de policía local protexerán o libre exercicio dos dereitos e liberdades e contribuirán a garantir a seguridade cidadá e a consecución do benestar social, cooperando con outros axentes sociais, especialmente nos ámbitos preventivo, asistencial e de rehabilitación.

Por outra parte, o propio Decreto 243/2008, do 16 de outubro, de desenvolvemento da Lei 4/2007, marca na súa exposición de motivos como obxectivo que o número total de membros de cada corpo de policía local acade o 1,8 por cada 1.000 habitantes, cifra que se estima como recomendable. Cos datos de poboación actual, Galicia precisaría contar con 2.000 efectivos máis de policía local, aínda que o número de concellos de menos de 5.000 habitantes non obrigados polas Bases do Réxime Local a contar con corpos de policía local, a dispersión da poboación e as restricións orzamentarias impostas sistematicamente á nosa Administración local impedirían acadar as ratios recomendadas pola UE a curto-medio prazo.

Grupo Parlamentario

A esta situación de grave déficit nos cadros de persoal dos corpos de policía local en Galicia, únese a delicada situación de viabilidade de moitos corpos nos que un terzo dos seus efectivos superan os 60 anos de idade, situación que se podería ver máis agravada pola previsión de acceso a esa idade á xubilación anticipada anunciada polo Ministerio do Interior para 2018.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O recente Decreto 115/2017, do 17 de novembro, polo que se regula a cooperación da Administración xeral da Comunidade Autónoma cos concellos na selección dos membros dos corpos de policía local, vixiantes municipais e auxiliares de policía local, non contén ningunha previsión para paliar esta deficitaria situación. Lembremos as funcións que en materia de coordinación de policía locais establece o artigo 13 da Lei 4/2007, sinaladamente o seu apartado f).

Polo exposto o deputado e as deputadas que asinan solicitan en resposta escrita contestación á seguinte pregunta:

Que previsións ten o Goberno galego en materia de coordinación de policía locais de Galicia para paliar o seu actual déficit de efectivos?

Pazo do Parlamento, 10 de xaneiro de 2018

Asinado dixitalmente por:

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 10/01/2018 17:41:30

Patricia Vilán Lorenzo na data 10/01/2018 17:41:43

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 10/01/2018 17:41:55

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Luís Manuel Álvarez Martínez e María Concepción Burgo López, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta por escrito.

Cal é a relación exhaustiva dos convenios, subvencións e axudas de calquera tipo, con expresión do motivo e a contía de cada unha delas, outorgadas pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria aos concellos de Cerceda e Carral no exercicio 2017?

Pazo do Parlamento, 10 de xaneiro de 2017

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 11/01/2018 10:14:48

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 11/01/2018 10:14:54

Maria de la Concepción Burgo López na data 11/01/2018 10:15:01

 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e Noela Blanco Rodríguez, deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

Cal é a relación exhaustiva dos convenios asinados, das subvencións e das axudas de calquera tipo, con expresión do motivo e da contía de cada unha delas, outorgadas pola Consellería Política Social aos concellos de Cerceda e Carral no exercicio 2017?

Pazo do Parlamento, 10 de xaneiro de 2018

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 11/01/2018 10:15:24

Noela Blanco Rodríguez na data 11/01/2018 10:15:31

 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, José Antonio Quiroga Díaz e José Manuel Pérez Seco, deputada e deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta por escrito.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Cal é a relación exhaustiva dos convenios asinados, das subvencións e das axudas de calquera tipo, con expresión do motivo e da contía de cada unha delas, outorgadas pola Consellería do Medio Rural aos concellos de Arzúa, Boimorto, Melide, Mesía, Santiso, Sobrado, Toques e Vilasantar no exercicio 2017?

Pazo do Parlamento, 10 de xaneiro de 2018

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 11/01/2018 10:15:44

José Antonio Quiroga Díaz na data 11/01/2018 10:15:51

Jóse Manuel Pérez Seco na data 11/01/2018 10:16:02

 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, María Luisa Pierres López e Raúl Fernández Fernández, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta por escrito.

Cal é a relación exhaustiva dos convenios, subvencións e axudas de calquera tipo, con expresión do motivo e a contía de cada unha delas, outorgadas pola Consellería de Infraestruturas e Vivenda aos concellos de Cerceda e Carral no exercicio 2017?

Pazo do Parlamento, 10 de xaneiro de 2017

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 11/01/2018 10:16:20

María Luisa Pierres López na data 11/01/2018 10:16:27

Raúl Fernández Fernández na data 11/01/2018 10:16:30

 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Luís Álvarez Martínez e María Concepción Burgo López, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta por escrito.

Cal é a relación exhaustiva dos convenios asinados, subvencións e axudas de calquera tipo, con expresión do motivo e a contía de cada unha delas, outorgadas pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria aos concellos de Arzúa, Boimorto, Frades, Melide, Mesía, Santiso, Sobrado, Toques e Vilasantar no exercicio 2017?

Pazo do Parlamento, 10 de xaneiro de 2018

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 11/01/2018 10:16:44

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 11/01/2018 10:16:51

Maria de la Concepción Burgo López na data 11/01/2018 10:16:58



 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e Noela Blanco Rodríguez, deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Cal é a relación exhaustiva dos convenios asinados, das subvencións e das axudas de calquera tipo, con expresión do motivo e da contía de cada unha delas, outorgadas pola Consellería de Política Social aos concellos de Arzúa, Boimorto, Melide, Mesía, Santiso, Sobrado, Toques e Vilasantar no exercicio 2017?

Pazo do Parlamento, 10 de xaneiro de 2018

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 11/01/2018 10:17:16

Noela Blanco Rodríguez na data 11/01/2018 10:17:23

 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, José Antonio Quiroga Díaz e José Manuel Pérez Seco, deputada e deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta por escrito.

Cal é a relación exhaustiva dos convenios asinados, das subvencións e das axudas de calquera tipo, con expresión do motivo e a contía de cada unha delas, outorgadas pola Consellería do Medio Rural aos concellos de Cerceda e Carral no exercicio 2017?

Pazo do Parlamento, 10 de xaneiro de 2018

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 11/01/2018 10:17:36

José Antonio Quiroga Díaz na data 11/01/2018 10:17:42

Jóse Manuel Pérez Seco na data 11/01/2018 10:17:55

 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, María Luisa Pierres López e Raúl Fernández Fernández, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta por escrito.

Cal é a relación exhaustiva dos convenios asinados, subvencións e axudas de calquera tipo, con expresión do motivo e a contía de cada unha delas, outorgadas pola Consellería de Infraestruturas e Vivenda aos concellos de Arzúa, Boimorto, Frades, Melide, Mesía, Santiso, Sobrado, Toques e Vilasantar no exercicio 2017?

Pazo do Parlamento, 10 de xaneiro de 2018

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 11/01/2018 10:18:10

María Luisa Pierres López na data 11/01/2018 10:18:16

Raúl Fernández Fernández na data 11/01/2018 10:18:24



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/01/2018 11:52
Nº Rexistro: 22757
Data envío: 11/01/2018 11:52:59.526

Á Mesa do Parlamento

Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta escrita**.

Na Orde do 29 de novembro de 2017 da Consellería de Medio Rural, pola que se establecen as bases reguladoras das subvencións ás organizacións profesionais agrarias para actividades de interese agrario e se procede á súa convocatoria para o ano 2017, no seu artigo 2 dise o seguinte:

Artigo 2. Beneficiarios

*Serán beneficiarias as organizacións profesionais agrarias **legalmente constituídas** en Galicia que concorreron ás eleccións a cámaras agrarias que tiveron lugar o **26 de maio de 2002** segundo o recollido na disposición transitoria única da Lei 1/2006, do 5 de xuño, do Consello Agrario Galego.*

Da lectura deste artigo dedúcese que desde o 2002 ata hoxe nada se moveu no sector agrogandeiro-forestal deste País e os profesionais dese sector que opten por outras organizacións agrarias non teñen dereito a axudas da Consellería e mesmo poden estaren bordeando a ilegalidade.

Isto suscita varias preguntas:

-Está morto o sector que xa non se celebran eleccións sindicais?



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

-Cales son os criterios de legalidade para a Consellería considerar legal unha organización de profesionais?

Pero aínda hai máis. Nos requisitos esixidos na documentación a presentar pra solicitar axudas, o artigo 18, apartado 1, letra C reza así:

c) Certificado emitido por unha organización profesional agraria a nivel estatal, de pertencer e participar activamente en actividades e actuacións da organización (se for o caso).

É dicir que a Consellería de Medio Rural precisa un aval estatal para que as organizacións agrarias "*de la periferia*" poidan ter recoñecemento legal... Vaites vaites...

Faise pois necesario urxentemente abordar a representatividade real a día de hoxe e para iso é preciso convocar eleccións sindicais xa e legalizar formalmente o que xa o é de facto.

Por todo isto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

--Cal é a razón pola que non se teñen convocado eleccións sindicais agrarias dende o 2.002?

--Cales son os criterios de legalidade para a Consellería de Medio Rural considerar legal unha organización de profesionais?

--Os resultados das eleccións de 2002 son inmutables e eternos?

--Hai organizacións presentes naquela altura que hoxe non existen ou si?



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/01/2018 11:52
Nº Rexistro: 22757
Data envío: 11/01/2018 11:52:59.526

Santiago de Compostela, 11 de xaneiro de 2018

Asdo.: Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Luis Bará Torres

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xose Luis Rivas Cruz na data 11/01/2018 11:51:34

María Montserrat Prado Cores na data 11/01/2018 11:51:40

Ana Pontón Mondelo na data 11/01/2018 11:51:42

Olalla Rodil Fernández na data 11/01/2018 11:51:43

Noa Presas Bergantiños na data 11/01/2018 11:51:44



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/01/2018 11:52
Nº Rexistro: 22757

Data envío: 11/01/2018 11:52:59.526

Xosé Luis Bará Torres na data 11/01/2018 11:51:46

Á Mesa do Parlamento

Patricia Vilán Lorenzo, Abel Losada Alvarez, Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Raúl Fernández Fernández e María Luisa Pierres López, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

España é o terceiro país cos ingresos máis baixos por fiscalidade ambiental da UE, despois de Lituania e Eslovaquia (o 1,85 % do PIB en 2014, fronte a 2,46 % de media na UE). Bruxelas leva dicíndolle ao Goberno do Estado que debe reformar o sistema impositivo medioambiental, principalmente nos sectores do transporte, a enerxía, a contaminación e o uso dos recursos. Tanto o Goberno de España como o galego non o teñen feito: os únicos tributos ambientais que hai en Galicia son o canon eólico e os impostos sobre a contaminación atmosférica e o dano ambiental da auga encorada. E cunha minoración na recadación entre 2009 e 2016 de case 24 millóns de euros.

Entre os instrumentos da política ambiental, os tributos ambientais considéranse medioambientalmente efectivos e eficientes economicamente. De feito, no plano internacional, recoméndase o seu uso para mitigar o cambio climático e promover un uso sostible dos recursos.

Por todo o exposto, as deputadas e os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Cales son os motivos polos que o Goberno galego non instaura máis tributos sobre os custos medioambientais de determinadas actividades que inciden no medio ambiente?
2. Por que non hai en Galicia tributos sobre a utilización de bolsas de plástico de un só uso?

Grupo Parlamentario

3. Ten previsto acordar o Goberno o aumento dos gravames xa vixentes sobre o medio ambiente? Cando?

Pazo do Parlamento, 11 de xaneiro de 2018

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
Abel Losada Alvarez
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo
Raúl Fernández Fernández
María Luisa Pierres López
Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 11/01/2018 11:30:29

Abel Fermín Losada Álvarez na data 11/01/2018 11:30:35

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 11/01/2018 11:30:41

Raúl Fernández Fernández na data 11/01/2018 11:30:43

María Luisa Pierres López na data 11/01/2018 11:30:47

Á Mesa do Parlamento

Patricia Vilán Lorenzo, Concepción Burgo López, Juan Manuel Díaz Villoslada e Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta por escrito**.

Galicia ten dúas linguas, galego e castelán, e unha Lei de normalización lingüística dende o 15 de xuño de 1983. Esta lei di, no seu artigo 7.3, que a Xunta de Galicia promoverá, de acordo cos órganos correspondentes, a progresiva normalización do uso do galego na Administración de xustiza. Mais o certo é que o uso da nosa lingua na xustiza é absolutamente residual e non hai datos oficiais actualizados, nin sequera cando dende este grupo parlamentario se lle piden expresamente ao Goberno.

O Comité de Expertos do Consello de Europa para a Carta Europea das Linguas Rexionais e Minoritarias ten considerado, no seu cuarto informe sobre o grado de cumprimento do texto, que hai carencias no uso do galego no ámbito xudicial. Por tal motivo, instou ás administracións españolas e galegas a introducir os cambios legislativos necesarios para permitir o desenvolvemento de procesos en lingua galega. O Goberno galego simplemente manifestou a toma en consideración das recomendacións.

Nesta mesma liña de irrelevancia da nosa lingua está o Ministerio Fiscal en Galicia, órgano de relevancia constitucional e con personalidade xurídica propia pero que non é un exemplo de uso do galego. O propio Fiscal Superior de Galicia así o ten manifestado nas súas 3 últimas comparecencias no Parlamento.

 Grupo Parlamentario

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Ten datos o Goberno galego sobre se existen carencias no uso do galego no ámbito da actuación do Ministerio Fiscal en Galicia?
2. Se a anterior resposta fose positiva, como cadran eses datos co mandato do cuarto informe do Comité de Expertos do Consello de Europa para a Carta Europea das Linguas Rexionais e Minoritarias?
3. Vai impulsar o Goberno galego os cambios lexislativos necesarios para permitir o desenvolvemento de procesos xudiciais en lingua galega, no ámbito da Fiscalía en Galicia?

Pazo do Parlamento, 11 de xaneiro de 2018

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
Concepción Burgo López
Juan Manuel Díaz Villoslada
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 11/01/2018 11:31:02

Maria de la Concepción Burgo López na data 11/01/2018 11:31:08

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 11/01/2018 11:31:13

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 11/01/2018 11:31:19

Á Mesa do Parlamento

Patricia Vilán Lorenzo, Juan Manuel Díaz Villoslada e Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

A Lei 18/2011, de 5 de xullo, reguladora do uso das tecnoloxías da información e comunicación na Administración de xustiza, foi un paso para a súa modernización. Regulou por vez primeira o expediente xudicial electrónico en España. Facíase así efectivo o dereito á tutela xudicial efectiva, sendo un dos elementos máis relevantes a incorporación nas oficinas xudiciais das novas tecnoloxías, que permiten abaratar os custos do servizo público de Xustiza e que actualizan o dereito fundamental a un proceso público sen dilacións indebidas. En virtude desta lei, o día 1 de xaneiro de 2016 comezaron as notificacións telemáticas a través do sistema Lexnet, con multitude de problemas.

Ademais, xa hai tempo que os distintos operadores xurídicos advertían de que a fiabilidade do sistema non era boa, que non era fiable nin controlable, que caía a diario. A plataforma caía o día 27 de xullo e era obxecto de varios ciberataques, segundo o propio Ministro de Xustiza e, despois do seu arranxo, en menos de 24 horas e tras 60 millóns de euros para arranxalo, Lexnet caía de novo. A comezos de setembro, caía dende primeira hora da mañá e deixaba aos profesionais e aos propios Xulgados (caía nos xulgados tamén) sen ferramentas de traballo.

En data 22 de decembro de 2017, o Goberno respondía a este grupo parlamentario que solicitara a principios de agosto información ao Ministerio de Xustiza sobre a dispoñibilidade, seguridade e medidas para garantir a funcionalidade do sistema, ademais de, posteriormente, ter comunicado a ese Ministerio que o Pleno do Parlamento acordara demandar unha auditoría exterior e independente sobre a implantación

Grupo Parlamentario

da administración dixital na xustiza e a adopción de todas as medidas para o axeitado funcionamento do sistema Lexnet. Non hai máis datos.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Tiña coñecemento o Goberno galego dos avisos dos operadores xurídicos de que a fiabilidade do sistema tecnolóxico na xustiza non é boa, fiable nin controlable?
2. Que respondeu o Ministerio de Xustiza sobre a información solicitada polo Goberno sobre a dispoñibilidade, seguridade e medidas para garantir a funcionalidade do sistema?
3. Que respondeu o Ministerio de Xustiza sobre a comunicación da proposición non de lei aprobada por unanimidade polo Pleno do Parlamento o día 13 de setembro de 2017?

Pazo do Parlamento, 11 de xaneiro de 2018

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
Juan Manuel Díaz Villoslada
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo
Deputada e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 11/01/2018 12:51:41

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 11/01/2018 12:51:47

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 11/01/2018 12:51:52



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta escrita**, sobre a privatización dos procesos de certificación dos coñecementos de inglés do profesorado galego.

A Asociación de Profesorado de Escolas Oficias de Idiomas de Galicia (Apeoiga) e a CIG-Ensino denunciaron publicamente a decisión da Xunta de Galiza a través da Consellaría de Educación de conceder a empresas privadas a certificación dos coñecementos de inglés do profesorado, un labor que até o de agora viñan desenvolvendo as Escolas Oficiais de Idiomas (EOI) de acordo coas súas funcións legalmente establecidas no Decreto 189/2010, do 11 de novembro, polo que se establece o Regulamento Orgánico das Escolas Oficiais de Idiomas da Comunidade Autónoma de Galiza.

Esta medida, que supón a privatización deste procedemento de certificación, será desenvolvida por entidades alleas á administración pública mais valéndose do persoal do Centro Autonómico de Formación e Innovación (CAFI).

Desde o BNG, ao igual que o colectivo profesional e a central sindical, consideramos que esta decisión supón unha usurpación das funcións que lle corresponden ás EOI e un chanzo máis no proceso de privatizacións emprendido polo Partido Popular nos servizos públicos.



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/01/2018 13:29
Nº Rexistro: 22790
Data envío: 11/01/2018 13:29:36.489

Por todo o exposto, formulamos as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

-Por que razón autorizou a Xunta de Galiza que sexan empresas privadas ás que poidan certificar os coñecementos do profesorado en lingua inglesa cando esta función corresponde ás Escolas Oficiais de Idiomas?

-Non cre o Goberno galego que con esta decisión está a permitir a usurpación das funcións correspondentes ás EOI, como denuncia o profesorado destes centros?

-Vai atender a Consellaría de Educación as demandas do profesorado das EOI e a CIG-Ensino e devolver ás Escolas de Idiomas a competencia na formación e certificación dos coñecementos do profesorado galego en todas as linguas?

Santiago de Compostela, 11 de xaneiro de 2018

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/01/2018 13:29
Nº Rexistro: 22790
Data envío: 11/01/2018 13:29:36.489

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 11/01/2018 13:28:43

María Montserrat Prado Cores na data 11/01/2018 13:28:48

Ana Pontón Mondelo na data 11/01/2018 13:28:50

Xose Luis Rivas Cruz na data 11/01/2018 13:28:52

Noa Presas Bergantiños na data 11/01/2018 13:28:53

Xosé Luis Bará Torres na data 11/01/2018 13:28:55

ESTRUTURA DO BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

1. PROCEDEMENTOS PARLAMENTARIOS

1.1. PROCEDEMENTOS DE NATUREZA NORMATIVA

1.1.1. NORMAS APROBADAS

1.1.2. PROPOSTAS DE NORMAS

1.2. PROCEDEMENTOS ESPECIAIS DE CARÁCTER INSTITUCIONAL

1.2.1. INVESTIDURA

1.2.2. MOCIÓN DE CENSURA

1.2.3. CUESTIÓN DE CONFIANZA

1.3. PROCEDEMENTOS DE CONTROL E IMPULSO

1.3.1. CONTROL SOBRE AS DISPOSICIÓNS DA XUNTA CON FORZA DE LEI

1.3.2. COMUNICACIÓNS DA XUNTA DE GALICIA

1.3.3. EXAME DE PROGRAMAS E PLANS

1.3.4. ACORDOS, RESOLUCIÓNS OU PROPOSTAS DE COMISIÓNS ESPECIAIS OU DE INVESTIGACIÓN

1.3.5. MOCIÓNS

1.3.6. PROPOSICIÓNS NON DE LEI

1.3.7. OUTRAS PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN E ACORDOS

1.3.8. PROCEDEMENTOS DE CONTROL ECONÓMICO E ORZAMENTARIO

1.4. PROCEDEMENTOS DE INFORMACIÓN

1.4.1. INFORMACIÓNS REMITIDAS POLA XUNTA DE GALICIA

1.4.2. SOLICITUDES DE COMPARECENCIA

1.4.3. INTERPELACIÓNS

1.4.4. PREGUNTAS

1.4.5. RESPOSTAS A PREGUNTAS

1.4.6. SOLICITUDES DE DATOS, INFORMES E DOCUMENTOS DE DEPUTADOS E DE COMISIÓNS

1.4.7. RECONVERSIÓNS POR FINALIZACIÓN DO PERÍODO DE SESIÓNS

1.5. PROCEDEMENTOS RELATIVOS A OUTRAS INSTITUCIÓNS E ÓRGANOS

1.6. PROCEDEMENTOS DE ELECCIÓN, DESIGNACIÓN E PROPOSTA DE NOMEAMENTO

1.7. PROCEDEMENTOS RELATIVOS AO DEREITO DE PETICIÓN

2. ELECCIÓN E COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO, RÉXIME E GOBERNO INTERIOR, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO

2.1. ELECCIÓN DO PARLAMENTO

2.2. COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO E DOS SEUS ÓRGANOS

2.3. RÉXIME E GOBERNO INTERIOR


2.4. ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO PARLAMENTO

3. ADMINISTRACIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA

4. INFORMACIÓNS E CORRECCIÓNS DE ERROS

4.1. INFORMACIÓNS

4.2. CORRECCIÓNS DE ERROS



PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO
PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727